



FACULDADE DE FILOSOFÍA

## **PLAN DE VIABILIDADE (SETEMBRO 2015)**

GRAO EN FILOSOFÍA

UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Plan de viabilidade. Grao en Filosofía**

Preámbulo.....	3
Requisitos de referencia das titulacións de grao.....	4
[1] Descrición de medidas que permitan unha revisión da titulación na que se produzan cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos estudantes e da contorna económica e profesional.....	6
[2] Previsión da demanda de matrícula como media do número de matriculados de novo ingreso igual ou superior a 50 alumnos.....	12
[3] Evidencia dunha capacidade docente e investigadora (en termos de persoal docente estable)....	14
[4] Exposición de medios materiais axeitados. ....	16
[5] Taxas previstas de graduación, abandono e eficiencia. ....	18
[6] Ten carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do SUG.....	22
[7] Xustificación de adaptación. ....	23
[8] Ten un deseño curricular que favorece a empregabilidade.....	25
[9] Evita a especialidade temperá e excesiva.....	27
[10] Facilita a mobilidade dos estudantes entre as diversas opcións, mellorando a eficiencia no uso dos recursos.....	28
[11] Favorece a retención de talento na contorna socioeconómica galega.....	29
[12] Fomento do espírito emprendedor e o autoemprego dos egresados.....	30
[13] Axústase a cuestións de innovación docente e investigadora. ....	31
[14] Acreditación da viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles.....	32
[15] Acreditación da non coincidencia de obxectivos nin contidos con outros títulos oficiais existentes na mesma universidade, coa finalidade de evitar a multiplicidade de títulos (non coincidencia do 50% dos créditos).....	33
[16] Xustificación do encadre da proposta dentro da oferta global galega. ....	34
[17] Vinculación coas titulacións de mestrado e doutoramento existentes. ....	35
[18] Fomento da utilización das TIC e novas tecnoloxías.....	36
[19] Incardinación en redes internacionais de calidade. ....	37
Plan de melloras do Grao en Filosofía.....	38
Liñas xerais do plan de renovación do Grao en Filosofía.....	54
Anexo. Indicadores do Grao en Filosofía.....	56
Glosario de abreviaturas (ordenado alfabeticamente).....	60

## Preámbulo

Este plan de viabilidade para o Grao en Filosofía (de agora en adiante, GF) pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) recolle, por unha banda, a información relativa aos **requisitos de referencia** das titulacións de grao para presentar o plan de viabilidade (que se concreta nunha serie de accións de mellora expostas ao longo da descrición dos requisitos e de maneira conxunta nun **plan de melloras** para o título), remitidos dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e por outra, unhas liñas xerais de actuación para o **plan de renovación** da titulación incluíndo un calendario de actuación e unha serie de iniciativas coas que, de xeito paralelo a este plan de viabilidade, se pretende dar resposta a algunhas disfuncións atopadas no desenvolvemento do título. Indicarase de xeito explícito que accións de mellora dan resposta ás áreas de mellora incluídas no Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade remitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

A maiores, achégase un **anexo** con información relativa aos indicadores oficiais da USC que sustentan tanto as medidas propostas no plan de viabilidade como os argumentos que sosteñen as apreciacións feitas sobre os requisitos de referencia. Os datos presentados ao longo deste plan de viabilidade proveñen dos indicadores elaborados dende a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da Universidade de Santiago de Compostela e, no caso da comparativa con outros títulos, do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU) do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

O GF da USC é un grao ben consolidado, e moi vinculado á imaxe da Universidade. Ten un carácter único dentro do SUG, o cal xustifica a propia existencia da Facultade de Filosofía. É así mesmo un grao que, como se indicará máis abaixo ao abeiro dos datos que amosa a mobilidade, está ben considerado polos profesionais do mundo da filosofía fóra da nosa facultade, non só no noso entorno máis próximo mais tamén a nivel internacional. De feito, a traxectoria formativa e investigadora da USC en Filosofía ten recoñecemento internacional.

No conxunto do territorio galego existe unha única facultade dedicada integramente ao ensino da filosofía, a Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. Os estudos de Filosofía nesta Universidade comezaron no curso 1973-74 no seo da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, con título independente a partir de inicios dos 90.

Posteriormente, a Facultade de Filosofía xurdiu como consecuencia do desdoblamento da mencionada Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación e comezou a súa andaina no curso 1996-97. A partir do curso 2009-10 comezaron a impartirse as titulacións de grao e máster como resultado da adaptación ao marco de Boloña.

## Antecedentes do Plan de Viabilidade

De acordo co establecido no art. 12.3 da Orde do 20 de marzo de 2012, pola que se desenvolve o decreto 222/2011, a Secretaría Xeral de Universidades solicitou á Universidade de Santiago de Compostela a elaboración dun Plan de Viabilidade para o Grao en Filosofía, que foi aprobado en Consello de Goberno o 28 de abril de 2015.

A ACSUG procedeu á avaliación do Plan de Viabilidade emitindo o 3 de xuño de 2015 un informe en termos desfavorables.

Este informe sinala varias áreas de mellora ás que se trata de dar resposta con este novo plan e que son as seguintes:

- Descenso no número de alumnos matriculados nos últimos tres cursos: para isto preséntase neste documento un Plan de Captación de alumnado.
- Busca da interdisciplinariedade con outros títulos que aseguren un número suficiente de estudantes matriculados e a mobilidade entre títulos da mesma de rama coñecemento: as reformas substanciais nun programa de estudos deben basearse nun estudo sólido que as avale. Neste eido recóllense as liñas xerais do Plan de renovación do Grao en Filosofía.
- Poñer en relación o plan de viabilidade co Plan Estratéxico (PE) da USC: as diferentes accións programadas neste plan están plenamente aliñadas co PE da USC e así se recolle nas observacións.
- Considerar a posibilidade de ampliar a formación en TICs do profesorado para aumentar a non presencialidade dalgunhas materias do título: neste ámbito xa se deron os primeiros pasos, tal e como se recolle no apartado 13.

Ademais destas áreas de mellora, a Comisión Avaliadora sinalou a necesidade de xustificar as taxas de graduación, abandono e eficiencia. Para isto, debemos remitirnos á Memoria de Verificación do Título (MVT) que permitiu a implantación deste no curso 2009/2010 e ao estudo dos resultados que se desenvolven no apartado 5. Malia a que se superan os resultados previstos na MVT, a previsión é obter uns resultados aínda mellores, mediante accións de mellora que aumenten estas taxas sen reduciren a calidade da docencia.

### **Estrutura do Plan de Viabilidade**

De xeito moi sintético, o contido nos apartados do presente plan de viabilidade pode ser resumido como segue:

1. Realízase unha análise de cal é a situación ao respecto empregando as cifras propias do título e realizando unha comparativa ao longo dos últimos cursos e con respecto aos datos doutras facultades do noso entorno dos que dispomos. Como xa se sinalou anteriormente, empréganse os indicadores establecidos no Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade e os indicadores proporcionados polo SIIU.
2. Preséntanse as medidas que se consideran para mellorar directamente os resultados do título naquelas dimensións nas que se dispón da información relativa a accións que poden ter éxito para acadalo e obter a información da que aínda non dispomos para mellorar noutras dimensións. Estas medidas artículanse a través dun Plan de Melloras.
3. Expóñense as razóns para considerar que os medios dos que se dispón para a impartición do GF son axeitados.
4. Indícanse así mesmo as razóns polas que o GF ten a capacidade de xogar un papel relevante no contexto actual galego.
5. Explícase como é que, alén do recollido nas accións de mellora para abordar da maneira máis inmediata os retos aos que se enfrenta o GF, se planifica levar adiante as reformas a longo prazo que aumentarán o éxito do GF no alcance dos seus obxectivos.

### **Requisitos de referencia das titulacións de grao**

Nos seguintes epígrafes achegarase información do título en relación aos requisitos de referencia solicitados pola Secretaría Xeral de Universidades. En cada un dos apartados, achegaranse os indicadores que sustentan a reflexión realizada (véxase Anexo para a relación completa de indicadores) así como unha breve descrición das accións de mellora consideradas en relación con cada un dos puntos. Estas accións detallaranse no Plan de Melloras que se presenta na seguinte sección.

En resumo, dáse resposta aos requisitos de referencia que deben constituír o Plan de Viabilidade segundo a instrucións da Secretaría Xeral de Universidades, así como ás áreas de mellora detectadas no Informe de Avaliación do 3 de xuño de 2015.

### Relación co Plan Estratégico da USC

A planificación estratéxica no contexto actual é vital para calquera organización, pois para acadar os obxectivos establecidos é preciso establecer estratexias que teñan en conta as ameazas e oportunidades que nos rodean.

Con este punto de partida, a USC elaborou e aprobou un Plan Estratégico cun marco temporal que vai desde o ano 2011 ao 2020, tendo en conta as directrices da Estratexia Europea 2020.

Froito deste proceso de reflexión colectiva, seleccionáronse catro ámbitos de actuación que abarcan os aspectos esenciais da misión da universidade:

- Persoas
- Actividade Universitaria
- Xestión Institucional
- Relación coa contorna

Na elaboración deste Plan de Viabilidade é imprescindible aliñar as accións de mellora que se programen coas liñas estratéxicas e obxectivos establecidos no Plan Estratégico da USC, reforzando a implicación do centro, dos diferentes colectivos e, en definitiva, da institución coas actuacións precisas para a continuidade do Grao en Filosofía e optimizando os recursos existentes.

Se ben cada acción de mellora establecida neste plan recolle nas observacións o seu aliñamento específico co Plan Estratégico, é posible sinalar de forma global a relación existente entre os dous plans dun xeito gráfico:

Ámbito	Liña Estratégica	Accións do Plan de Melloras
<b>Persoas</b>	O estudiantado: valor presente e futuro	AM-06 e AM-07
<b>Actividade Universitaria</b>	Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade	Accións do Plan de Captación (AM-01 a AM-05) e AM-08
	Procura da excelencia na docencia	AM-06 e AM-07
<b>Relación co Contorno</b>	O compromiso e a implicación coa sociedade	Accións do Plan de Captación (AM-01 a AM-05)

Este aliñamento non se esgota coas accións programadas no Plan de Viabilidade, xa que existen outras actuacións das que se dá conta no plan, para as que non se programan accións concretas por estar xa definidas e encamiñadas pero, que teñen a súa fonte igualmente nas liñas do Plan Estratégico.

Pódese mencionar, por exemplo, as accións encamiñadas a mellorar a capacitación do PDI no uso das novas tecnoloxías que tería un dobre encadre. Por unha parte no ámbito Persoas, dentro da liña “Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal” e, por outra, dentro do ámbito Actividade Universitaria, na liña “Procura da excelencia na docencia” onde se establecen entre outras actuacións promover a utilización polo profesorado das novas metodoloxías docentes e das tecnoloxías de apoio.

[1] **Descrición de medidas** que permitan unha revisión da titulación na que se produzan cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos estudantes e da contorna económica e profesional.

O principal problema sinalado no Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade do GF é a redución na matrícula de novo ingreso, sendo polo tanto o obxectivo principal das medidas introducidas no presente plan de viabilidade aumentar esta. Este apartado comeza pondo en contexto esta necesidade, indicando a continuación as accións para a mellora neste punto.

Como adaptación da Licenciatura en Filosofía, o GF comeza a impartirse na USC no curso 2009-2010 (sen límite de prazas na súa oferta), contando con 42 alumnos/as de inicio de estudos e 45 de novo ingreso (véxase Táboa 1). No curso 2010-2011 e nos seguintes, pode verse que ambos indicadores varían substancialmente duns cursos a outros, chegando no 2010-2011 e 2011-2012 a superar os 70 alumnos/as (tanto en novo ingreso como en inicio de estudos).

De feito tamén acontecía coa anterior Licenciatura en Filosofía que mesmo nos anos de máis matriculación atopábanse oscilacións importantes en cursos consecutivos. É certo en calquera caso que se deu un decrecemento entre 2011 e 2014, coincidindo coa redución das bolsas, factor que, sen facermos aquí afirmacións conclusivas sobre a súa causalidade, no caso de titulacións cun forte compoñente vocacional como a Filosofía ten un peso significativo. Porén, esta tendencia viuse freada no pasado curso 2014-2015 no que se da xa un ascenso con respecto a o curso anterior.

	Novo ingreso <sup>1</sup>	Inicio de estudos <sup>2</sup>	Prazas ofertadas <sup>3</sup>
2009-2010	45	42	--
2010-2011	87	84	--
2011-2012	77	71	65
2012-2013	64	58	65
2013-2014	43	39	65
2014-2015	59	41	65

**Táboa 1. Datos sobre matrícula de novo ingreso, matrícula de inicio de estudos e prazas ofertadas dende 2009-2010 ata 2013-2014.**

Con todo, cabe salientar que a nota media de acceso ao título mantense relativamente estable nos 7 puntos (véxase Táboa 2). Isto ven a demostrar que o GF continúa sendo unha opción escollida por alumnado ben formado, e amosa que continúa a ser unha titulación que é de interese manter no SUG, e tamén reflicte o indicado enriba respecto do seu carácter fortemente vocacional.

<sup>1</sup> **Matrícula de novo ingreso:** alumnado que se matricula por primeira vez no título nese curso académico (inclúe ao estudantado que procede doutro título e ao que traslada o seu expediente dende planos antigos).

<sup>2</sup> **Matrícula de inicio de estudos:** alumnado que se matricula por primeira vez no título nese curso académico e que ten que realizar a maior parte dos créditos da titulación para obter a condición de titulado (exclúe alumnado procedente doutros títulos, de traslado, ou que teñen un número de créditos recoñecidos).

<sup>3</sup> **Prazas ofertadas:** nos dous primeiros cursos a titulación carecía de límite de prazas. No resto dos cursos ese número de prazas inclúe as distintas cotas de acceso (PAU, FP, titulados, etc).

	Nota media de acceso	% con nota igual ou superior a 6	% de 1º opción (*)
2009-2010	--	45.00	--
2010-2011	--	59.26	--
2011-2012	7.09	64.29	53.85
2012-2013	6.94	67.24	69.23
2013-2014	7.24	71.79	52.31
2014-2015	7.49	68.29	94.40

**Táboa 2. Perfil de ingreso real dos estudantes, dende 2009-2010 ata 2013-2014. (\*) Porcentaxe de preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas.**

Na Táboa 3 preséntase un resumo dos datos globais (a nivel estatal) das titulacións de Grao en Filosofía en universidades públicas con docencia presencial. Pode observarse que o GF da USC sitúase por debaixo da media en novo ingreso (media global: 74) –por unha razón que se explica posteriormente– e exactamente na media para o indicador de nota media de acceso.

	Matriculados	Novo ingreso	Nota media
<b>Máximo</b>	626	231	8
<b>Promedio</b>	222	74	7
<b>Mínimo</b>	76	15	6

**Táboa 3. Datos de matrícula total, novo ingreso e nota media de acceso por preinscripción para as titulacións de Grao en Filosofía en universidades públicas con docencia presencial no curso 2013-2014. Fonte: SIIU.**

En relación á matrícula de novo ingreso (Táboa 3), cabe salientar a alta variabilidade deste parámetro, debido tamén á configuración propia dos títulos nas distintas universidades. Por exemplo, os valores máis altos de novo ingreso danse na Universidade de Valencia (119), na Complutense de Madrid (138) e na Universidade de Barcelona (231). Estes casos, debido ao grandes núcleos poboacionais onde se atopan estas universidades, distorsionan a media. Unha análise mais axeitada require considerar o promedio para os GF impartidos nas restantes universidades. Eliminando estes casos extremos, o promedio de ingreso está en 55 alumnos/as para o total das titulacións. Santiago preséntase nos mesmos rangos que outras universidades similares, como Salamanca, e por enriba de Oviedo e Valladolid.

Sobre isto hai que dicir así mesmo que aínda que a matrícula da Universidade de Santiago de Compostela experimentou un crecemento medio interanual do 7.40, na rama de Artes e Humanidades produciuse un decrecemento do 1.01%, sendo este dato lixeiramente superior no grao en Filosofía (decrecemento do 1.29%). O obxectivo final é que se produza un incremento na matrícula de novo ingreso no Grao en Filosofía que permita acadar nun período de tres anos o número mínimo esixido pola normativa autonómica de 50 estudantes de novo ingreso anualmente, mesmo aínda que este grao fora deseñado inicialmente para un número menor de estudantes (tal e como se indica na MVT, o título foi deseñado para ofertar 45 alumnos/as de novo ingreso, entendéndose que a demanda sería menor). A tendencia dada no curso pasado xa vai nesa dirección, as accións de mellora que se implementarán buscarán acelerar esa tendencia e acadar xa durante os anos seguintes que dito dato pase a ficar por enriba de tal nivel. Con todo, e considerando as cifras de matrícula dos cursos recentes, estas medidas pretenden que ditas variacións nos leven a niveis que nos vaian achegando aos/as 50 estudantes. Non obstante, a velocidade á que se vaia converxendo ao mínimo esixido non debería ser motivo para cuestionarse a continuidade dos estudos de Filosofía.

De cara a conseguir unha maior matriculación de alumnado no GF inclúense aquí dous tipos de medidas. A curto prazo, dirixidas á captación, a longo prazo, dirixidas á orientación do GF nunha dirección que faga de dito Grao unha opción de estudos mais atractiva e demandada.

En primeiro lugar, as primeiras accións de mellora deste plan de viabilidade para o Grao en Filosofía constituirían un “plan de captación” a través do que se pretenden crear os mecanismos necesarios para lograr aumentar a demanda de estudantes de novo ingreso en calquera das modalidades de acceso existentes (PAAU, M25, M40, M45). Neste plan de captación abordarase unha dimensión destinada aos potenciais candidatos a ingresar como estudantes de Filosofía e outra destinada a líderes de opinión con capacidade de influencia na toma de decisións.

### **Acción de mellora (AM-01) – Organización de conferencias temáticas para ser impartidas nos centros de ensino secundario de toda Galicia**

**Breve descripción:** A Universidade de Santiago, a través do programa A Ponte entre a Universidade e o Ensino Medio, leva dous anos organizando un programa de conferencias temáticas sobre os distintos ámbitos de coñecemento. Nestes dous anos, obsérvase unha clara correlación entre as conferencias ofertadas pola USC, as conferencias demandas polos centros de ensino medio e a consolidación e aumento de matrícula nunha serie de titulacións.

Propónse a preparación dunha oferta de varias conferencias temáticas ao redor da Filosofía para ofertalas aos centros de ensino medio de Galicia. Os eixes temáticos destas conferencias serán:

1. Cuestións de ética actuais
2. Contribucións do pensamento filosófico a problemas de relevancia actual.
3. A filosofía, a ciencia e as novas tecnoloxías
4. A filosofía da mente
5. Argumentacións e falacias

**Obxectivos:** (1) Mellorar a visibilidade da titulación de filosofía a través da explicación de contidos de interese para os estudantes de bacharelato. (2) Mellorar a porcentaxe de estudantes interesados en cursar estudos de Filosofía na USC. (3) Detectar aqueles problemas que susciten máis interese entre o estudantado potencial.

Un exemplo das conferencias impartidas, xunto co incremento de matrícula nas distintas titulacións, pode verse no seguinte requisito de referencia (Táboa 5).

### **Acción de mellora (AM-02) – Fomento da Olimpíada filosófica no ensino medio**

**Breve descripción:** A experiencia da Universidade de Santiago na organización de eventos competitivos/formativos para os estudantes de bacharelato é contrastada nos últimos anos. Actividades como Estalmat (Estimulación do talento matemático) ou as diferentes olimpíadas de Química, Física ou matemáticas, son organizadas cada ano cun importante éxito dentro das instalacións da universidade compostelá. A principal consecuencia destas actividades é o aumento progresivo de matriculados que acadaron cualificacións excelentes (superiores aos nove puntos sobre 10) nas probas de acceso á universidade.

Do mesmo xeito, a Facultade de Filosofía ten participado nos pasados cursos 2013-14 e 2014-15 na Olimpíada de Filosofía. Este evento ten un gran potencial para acadar un maior interese polos estudos no GF. Con todo, hai que indicar que nesta só ten participado unha parte reducida dos centros de ensino medio galegos.



**Obxectivos:** A partir do curso 2015-2016, a Facultade de Filosofía contactará co profesorado doutros centros de ensino medio non implicados aínda na Olimpíada de Filosofía para aumentar máis a participación neste evento.

#### Acción de mellora (AM-03) – Celebración do Día da Filosofía

**Breve descrición:** Desde o curso 2015-2016 a Facultade de Filosofía realizará de maneira institucionalizada unha serie de eventos ao longo de distintos días durante a terceira semana de novembro, para a celebración do Día da Filosofía seguindo a convocatoria da UNESCO. Estas actividades terán lugar tanto na propia facultade como noutros espazos, aínda que organizados por persoas da comunidade da facultade.

**Obxectivo:** Este evento ten, entre outros obxectivos, o de achegar a filosofía á sociedade xeral e, en concreto, ao estudantado de ensino medio. Con isto preténdese así mesmo espertar o interese nesta disciplina alén dos contidos que teñen estudado nas aulas, potenciando a matrícula no GF. Para isto búscase que o evento acade relevancia mediática e atraer tamén tanto a persoas de maior idade como a estudantado adolescente. Co fin de acadar isto último falarase con profesorado de filosofía de institutos da contorna, a través do programa A Ponte.

#### Acción de mellora (AM-04) – Elaboración de material informativo para grupos de interese

**Breve descrición:** Se ben os estudantes de bacharelato deben ter acceso aos materiais informativos (folletos, web, ...) é imprescindible establecer un material específico para estudantes egresados, profesores do centro, orientadores nos centros de ensino medio e persoas de relevancia pública. É así mesmo necesario ter presenza nas redes sociais. Así, esta acción constaría de dúas intervencións. En primeiro lugar, na elaboración dunha información moi detallada sobre distintos aspectos de interese como a inserción laboral, as competencias profesionais, as posibilidades de simultanear estudos, as posibilidades de matrícula como segunda titulación, os datos máis salientables da Facultade e outras informacións de interese para fomentar a matrícula no GF. Este material será difundido entre os grupos de interese con capacidade de liderado de opinión. En segundo lugar, difundiríase nas redes sociais, en concreto en Facebook, dita información, coa creación dunha páxina para a Facultade de Filosofía onde se promocionaría o GF e mediante intervencións nesta rede destinadas a dirixir tráfico a esta, dirixidas a un público específico, a poboación adolescente galega e das provincias de León, Zamora e occidente asturiano.

**Obxectivo:** Comunicar co estudantadode ensino medio, nativo dixital, nos medios que usan habitualmente para a súa comunicación propia, co fin de informarlles do xeito máis directo en que sentido pode serlles de interese estudar filosofía, así como facerlles mais atractivo isto ao presentarlle estes contidos nun formato no que se senten máis cómodos e que identifican co lecer e o seu espazo propio.

#### Acción de mellora (AM-05) – Organización de actividades destinadas aos líderes de opinión

**Breve descrición:** A organización de actividades no centro destinadas aos grupos de interese con capacidade de influencia na toma de decisións é un elemento que xa ben sendo usado pola Universidade de Santiago en titulacións como xornalismo ou comunicación audiovisual. Estes encontros, a modo de reunións informais, cursos de formación específica, conferencias de alto interese, ... son un xeito claro de explicarlle á sociedade as actividades de interese que se fan no centro. Unha

parte destas actividades consistirán en conferencias impartidas por egresadas/os da nosa facultade que a día de hoxe se atopan traballando en distintos ámbitos, que indicarán como os estudos en filosofía foran de utilidade para elas e eles.

**Obxectivo:** Elaborar unha axenda de actividades destinadas aos grupos de interese con capacidade de influencia na opinión dos futuros estudantes (estudantes egresados, profesores dos centros, orientadores nos centros de ensino medio e persoas de relevancia pública) que permita realizar actividades regularmente no centro para que este público obxectivo teña un contacto constante co centro.

Cabe salientar que a acción de mellora AM-05 contribuirá asemade a manter o contacto cos grupos de interese externos á titulación, de xeito que as súas achegas serán tamén tidas en conta no plan de modernización do Grao en Filosofía, do que se achegan unhas liñas xerais neste documento.

En segundo lugar, unha vez vistas as accións previstas para o plan de captación de aplicación inmediata, cabe indicar as que teñen sido consideradas para, nun prazo maior, facer do GF unha opción mais atractiva e demandada.

Neste sentido, as medidas requiridas para avanzar nesa liña xa están a ser ou foron tomadas recentemente. As comisións de Calidade e Grao da Xunta de Facultade de Filosofía acordaron a data de 27 de xullo de 2015 estudar a opción da impartición do Grao de xeito semipresencial, co fin de impulsar de xeito decidido un aumento na matrícula por parte de persoas que non poden hoxe cursar o GF debido a imposibilidades de horario e que se decantan por outras opcións como os estudos na UNED.

Con anterioridade, o 24 de marzo de 2015 a dirección da Facultade de Filosofía asinou un compromiso de calidade que incluíu o compromiso de garantir programas formativos, tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as facultades de mais prestixio. Neste sentido, o 12 de maio a Xunta de Facultade acordou a creación dun Grupo de Innovación Docente para proporcionar ao profesorado do centro a formación necesaria para dar ese paso, tal e como se explica con máis detalle no epígrafe 18. Tamén neste sentido aprobouse polas comisións de Grao e Calidade o 27 de xullo de 2015 avaliar posibles liñas de colaboración con outras áreas e centros; considerando mesmo a posibilidade de que se propoñan no futuro dobres titulacións. Esta medida foi refrendada pola Xunta de Facultade o 9 de setembro de 2015.

Así mesmo, as comisións de Calidade e Grao da Xunta de Facultade de Filosofía acordaron tamén o 27 de xullo de 2015 crear un Grupo de Traballo para a investigación, de cara á futura transformación do Grao en Filosofía, das análises realizadas noutras institucións nacionais e internacionais acerca do enfoque dos estudos en Filosofía para a obtención de mellores resultados nas saídas profesionais.

Con todo, na actualidade non temos a posibilidade de formular de xeito realista a implantación de dita reforma do título de maneira efectiva ata que non se resolva a cuestión aberta do posible tránsito do actual modelo de 4+1 ao 3+2 (grao + máster) ou fiquemos definitivamente no 4+1.

Este Grupo de Traballo ocuparase así mesmo de definir aqueles aspectos formativos transversais que acheguen competencias específicas, co fin de definir unha metodoloxía de traballo común que garanta a adquisición de tales competencias.

Así mesmo, terá entre as súas funcións examinar as experiencias de dobres titulacións ou outras fórmulas para a compaxinación do estudo en filosofía con outras disciplinas funcionando noutros centros a nivel internacional.

Estas medidas teñen como obxectivo complementar os efectos das accións para a captación de novo alumnado a maior prazo, ao incrementar o interese nestes estudos en especial entre o estudiantado do ensino medio e facer medrar en xeral o interese pola filosofía na nosa sociedade.

As bases para o traballo aquí descrito, atópanse detalladas no apartado “Liñas xerais do plan de renovación do Grao en Filosofía”.

[2] **Previsión da demanda de matrícula** como media do número de matriculados de novo ingreso igual ou superior a 50 alumnos.

As accións postas en marcha no punto [1], conxuntamente co exame da situación actual e da clase de evolución levada a termo, levan a considerar que os obxectivos de matrícula de novo ingreso para o GF van ser acadados. Esta previsión pódese sustentar, ademais cos datos que se teñen de aplicar medidas semellantes noutras titulacións.

Considérense para ver isto os datos de matrícula de novo ingreso que xa se presentaron na Táboa 1. Cabe salientar que de considerarmos a totalidade dos cursos nos que o GF vén sendo impartido, veremos que a matrícula media de novo ingreso supera con moita folgura a cifra de 50 persoas matriculadas. E de feito para ningún período de tres cursos dende o comezo da implantación, o número de alumnado de novo ingreso estivo por debaixo de 50 alumnos/as. En concreto, os promedios, que se situaron bastante por enriba de 50, foron os seguintes:

- Curso 2009-2010 ata 2011-2012: 69.67 alumnos/as.
- Curso 2010-2011 ata 2012-2013: 76 alumnos/as.
- Curso 2011-2012 ata 2013-2014: 61.33 alumnos/as.
- Curso 2012-2013 ata 2014-2015: 55,33 alumnos/as.

	<b>Matrícula global</b>	<b>% estudantes estranxeiros sobre matriculados</b>	<b>% estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados</b>	<b>Mobilidade (% enviados-% recibidos)</b>
<b>2009-2010</b>	45	0.00	0.00	0.00-22.22
<b>2010-2011</b>	121	1.65	2.48	0.00-3.31
<b>2011-2012</b>	171	1.75	1.17	1.75-11.11
<b>2012-2013</b>	185	2.70	1.08	1.62-8.65
<b>2013-2014</b>	179	1.68	1.68	3.91-6.15

**Táboa 4. Datos de matrícula global no título, xunto con indicadores de mobilidade e porcentaxe de estudantes estranxeiros e de fóra de Galicia, dende 2009-2010 ata 2013-2014.**

Na Táboa 4 preséntase a matrícula global do título. Estes valores poden compararse cos do SIIU (Táboa 3) pero para a súa análise tamén se debe ter en conta a alta variabilidade deste indicador. Se, como xa se fixo para o indicador de novo ingreso, excluímos as universidades de maior tamaño (Valencia, Barcelona e a Complutense de Madrid), a media nacional sitúase en 166 alumnos, polo que o GF da USC está un 8% por enriba da media nacional.

As cifras de estudantes de fora da comunidade galega varían; con todo, estase a manter regularmente a presenza de estudante de fóra. Unha parte deste é estudantado que cursa a totalidade do GF (provinte fundamentalmente de provincias limítrofes coa nosa comunidade autónoma). Hai tamén outra parte que non se reflicte nas cifras de novo ingreso aínda que contribúe á presenza de máis estudantado dada en base á mobilidade interuniversitaria (isto examínase mais polo miúdo no punto 19).

As accións de mellora previstas no apartado anterior marcaban como obxectivo aumentar a matrícula do grao durante os próximos tres anos co fin de acadar o número mínimo de alumnado de novo ingreso esixido pola Xunta.

Pois ben, as accións previstas confirman a posibilidade de establecer este crecemento. Un claro exemplo é a relación que existe entre as conferencias temáticas impartidas nos centros de ensino medio e a porcentaxe de matrícula, tal e como se detalla na Táboa 5:

	Nº de conferencias no curso 2014/2015	% de incremento na matrícula desde o ano 2014
Grao en Mestre de Educación Primaria (L)	7	7,06
Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	11	10,8
Grao en Comunicación Audiovisual	8	0,48
Grao en Economía	16	9,31
Grao en Lingua e literatura galegas	8	13,03
Grao en Lingua e Literatura inglesas	9	0,27
Grao en Química	9	1,87
Grao en Enxeñaría Química	7	3,13
Grao en Historia	6	1,36
Número de conferencias	81	
Promedio de crecemento		5,256

Táboa 5. Correlación entre as conferencias impartidas e o incremento de matrícula no título




Figura 1. Gráfica da porcentaxe de incremento de matrícula no curso actual (eixo vertical) fronte ao número de conferencias impartidas no curso anterior.

Temos polo tanto motivos para pensar que as accións poden acadar con éxito os seus obxectivos.

[3] Evidencia dunha **capacidade docente e investigadora** (en termos de persoal docente estable).

No GF imparten docencia un total de 21 profesoras/es. 4 son catedráticos/as de universidade (un/ha por cada unha das áreas: Filosofía, Lóxica, Filosofía Moral e Antropoloxía), 12 profesoras/es titulares e 5 son profesores interinos de longa duración plenamente integrados na docencia do grao e con experiencia de varios trienios (sendo algúns interinos profesores da facultade xa no curso 2005-2006 e outros téndose incorporado en anos posteriores –2009, 2010 e 2012-).

Deste total de 21 profesores, 11 pertencen ao Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social, e 10 ao de Lóxica e Filosofía Social. É previsible a fusión destes dous departamentos nun futuro próximo, ao abeiro dos Estatutos da USC, para maximizar a rendibilidade de recursos. O profesorado destes departamentos que imparte docencia no GF atópase integrado nos seguintes grupos de investigación:

- Grupo EPISTEME – Análise do coñecemento nas ciencias formais e empíricas
- Grupo de Sistemas Intelixentes
- Ethos: Filosofía Moral
- Grupo de Investigación Xustiza e Igualdade
- Ilustración, censura, modernidade
- Grupo Mazarelos de Pensamento Moderno e Contemporáneo
- Hermenéutica Filosófica e Historia da Filosofía
- Antropoloxía Socio-Cultural

As liñas de investigación tratadas nestes distintos grupos cobren un amplo espectro da investigación filosófica actual, incluíndo as áreas de investigación: Epistemoloxía Analítica; Filosofía da Lóxica; Filosofía da Matemática; Filosofía da Linguaxe; Filosofía da Ciencia; Filosofía da Mente; Teoría da Argumentación; Pragmatismo; Metafísica Analítica; Lóxica borrosa, Redes neuronais artificiais, Computación evolutiva; Sistemas expertos; Aplicacións distribuídas; Paradigmas da Filosofía Moral; Posestruturalismo e Posmodernidade; Filosofía e paz; Filosofía e literatura; Xustiza política; Bioética; Filosofía Moral e Política en Galicia; Filosofía política; Teoría crítica feminista; Teorías da Xustiza; Cidadanía, igualdade e diversidade cultural; Concepcións da racionalidade; Pensamento da Ilustración; Tránsito do idealismo trascendental ao idealismo absoluto; Pensamento contemporáneo; Filosofía contemporánea; Hermenéutica filosófica; Filosofía e vida cotiá; Filosofía e Literatura; Patrimonio cultural; Antropoloxía do turismo; Desenvolvemento local; Antropoloxía simbólica.

Aínda que a formación do grao é de carácter básico, cabe salientar que estas liñas cobren unha grande parte da docencia impartida no GF, garantindo así que impartan clase os docentes que se atopan investigando nas áreas que están a tratar, tendo polo tanto unha plena competencia nestas.

Na Táboa 6 preséntase un resumo da capacitación do profesorado con docencia no GF.

	% PDI con sexenios	% PDI doutor	% PDI funcionario
<b>2009-2010</b>	80.00	100.0	100.0
<b>2010-2011</b>	70.59	88.24	94.12
<b>2011-2012</b>	66.67	88.89	88.89
<b>2012-2013</b>	68.42	94.74	89.47
<b>2013-2014</b>	60.00	90.00	80.00

**Táboa 6. Indicadores sobre o persoal docente e investigador do Grao en Filosofía, dende 2009-2010 ata 2013-2014.**

Para entender axeitadamente esta táboa hai que facer dúas aclaracións.

En primeiro lugar, o feito de que durante varios anos o porcentaxe de profesorado doutor baixe do 100%, e de que o faga con distintas variacións, débese á participación no POD de bolseiros predoutorais.

En segundo lugar, hai que indicar que a diminución paulatina do profesorado con sexenios non é debida en absoluto a unha redución na capacidade investigadora do PDI que imparte o GF. Os cambios no profesorado que se experimentaron desde a aprobación da memoria de verificación do título afectaron só a unha parte do profesorado, mais con todo reverteron nese cambio nas cifras de profesorado con sexenios. Debéronse ás xubilacións de 6 profesores e profesoras, asumindo a súa docencia profesores interinos.

Se ben o profesorado interino que imparte no título cumpriría os requisitos para acceder aos sexenios dada a súa produción científica, a normativa actual non permite que concorran a estas convocatorias. No actual contexto enormemente competitivo para acceder ás prazas de Persoal Docente e Investigador, a maior parte do profesorado que conseguiu un posto como interino está a ser aquel que ten un curriculum excelente, o que require un esforzo investigador que pode ser o maior da súa carreira investigadora. Alén diso, é habitual que teñan unha grande familiaridade coa última produción científica no seu campo. No noso caso concreto, dous profesores interinos do noso centro precisamente teñen acadado publicar recentemente en revistas anglosaxonas A1 nos que a presenza de traballos de autores ou autoras xa non de orixe galega ou española, senón non anglosaxona é moi reducida.

Desta maneira, a redución na porcentaxe de sexenios non está a supor unha diminución na capacitación do PDI, senón á inversa. Pódese concluír que a capacitación do profesorado que imparte o GF ten sido amosada suficientemente, como de facto indica o propio Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade do GF.

**[4] Exposición de medios materiais axeitados.**

No curso 2005-06 produciuse o traslado do enderezo da Facultade, que anteriormente se atopaba no último edificio do Campus Sur, á Praza de Mazarelos no casco vello de Santiago de Compostela. Esta localización céntrica contribúe á dinamización da vida académica e cultural non só da Facultade, mais da cidade de Compostela no seu conxunto.

Na Memoria de Verificación do Título presentábanse unha serie de medios materiais e servizos que foran avaliados positivamente para a axeitada impartición do GF. Desta maneira, pódese considerar que estes continuarían a ser axeitados a día de hoxe. Mais cabe salientar que desde entón houbo mesmo unha serie de melloras neses medios. Estes cambios non afectaron á organización docente, aínda que si á calidade da docencia, mais para mellor. En concreto, xeneralizouse a dispoñibilidade de proxectores nas aulas nas que se imparte o GF, e se introduciron en distintos seminarios encerados dixitais. Isto fixo que tanto as aulas expositivas como as interactivas, mais en especial estas últimas, dispuxeran de medios técnicos que elevan a produtividade das aulas e permiten aos docentes a utilización dos recursos metodolóxicos innovadores.

Así mesmo, malia ás limitacións orzamentarias os fondos da biblioteca teñen loxicamente aumentado e se teñen actualizado nestes anos, ofrecendo mais material de calidade de apoio para o estudantado no GF, o cal é particularmente importante nesta titulación.

Neste sentido, a biblioteca leva cada ano adiante unha revisión anual dos programas e guías docentes das materias impartidas no GF para a actualización da bibliografía dispoñíbel para o alumnado.

Actualmente a Biblioteca de Filosofía conta co seguinte fondo bibliográfico:

En papel		Material non librario	Fondos electrónicos
Monografías	Publicacións Periódicas		Publicacións periódicas
40761	617	374	4

Durante o curso 2014-2015 o Máster en Filosofía: Cuestións Actuais foi avaliado favorabelmente para a súa acreditación pola ACSUG e os medios materiais foron considerados positivamente, indicándose que “os recursos materiais e instalacións” son “adecuados”, e destacando “moi positivamente os fondos bibliográficos da biblioteca do centro”.

En canto á valoración dos recursos materiais da Facultade por parte dos distintos grupos de interese, os últimos datos son os seguintes:

**Resultados da enquisa de profesorado (satisfacción coa docencia impartida) [Participación do 78,26%]**

*O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia*

Curso académico	Valoración sobre 5 puntos
2014/2015	4,44

*No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios,...) para a docencia*



Curso académico	Valoración sobre 5 puntos
2014/2015	4,50

### Resultados da enquisa de egresados [Participación do 13,33%]

*Indica a túa satisfacción coas infraestruturas e os materiais dispoñibles no teu centro*

Curso académico	Valoración sobre 5 puntos
2013/2014	3,50

### Resultados da enquisa de satisfacción do PAS [Participación do 18,2%]

*Os espazos destinados ao desenvolvemento e á coordinación das funcións do PAS son axeitados*

Curso académico	Valoración sobre 5 puntos
2014/2015	3,50

*Os recursos necesarios para o desenvolvemento das funcións son axeitados*

Curso académico	Valoración sobre 5 puntos
2014/2015	3,00

[5] Taxas previstas de graduación, abandono e eficiencia.

**Definicións das taxas**

$$\text{Taxa de rendemento} = \frac{\text{Total créditos ordinarios matriculados no curso}}{\text{Total créditos ordinarios superados no curso}}$$

$$\text{Taxa de éxito} = \frac{\text{Total créditos ordinarios superados no curso}}{\text{Total créditos ordinarios presentados no curso}}$$

$$\text{Taxa de avaliación} = \frac{\text{Total créditos ordinarios presentados no curso}}{\text{Total créditos ordinarios matriculados no curso}}$$

**Taxa de graduación=**

$$\frac{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } X \text{ graduados no estudo inicial no curso } X + n - 1 \text{ ou antes}}{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } X}$$

**Taxa de eficiencia=**

$$\frac{(\text{Núm créditos superados acumulados polos estudantes que se gradúan no curso } X)}{(\text{Núm créditos matriculados acumulados polos estudantes que se gradúan no curso } X)}$$

**Taxa de abandono (CURSA)=**

$$\frac{N^{\text{a}} \text{ estudantes do denominador non titulados e non matriculados nos cursos } X + 1 \text{ e } X + 2}{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } X}$$

**Taxa de abandono (RD1393/2007)=**

$$\frac{N^{\text{a}} \text{ estudantes do denominador non titulados e non matriculados nos cursos } X + 3 \text{ nin } x + 4}{\text{Estudantes de novo ingreso no curso } X}$$

Na Táboa 6 inclúense as taxas de rendemento, éxito e avaliación (tendo para a primeira delas unha taxa obxectivo na MVT que é superada sobradamente). A taxa de éxito presenta valores elevados (superiores ao 80% nos dous últimos anos) e na media da USC, mentres que a de rendemento sitúase lixeiramente por debaixo da media da USC. As tres taxas fóronse incrementando, acadando no 2013-2014 a taxa de rendemento un valor próximo ao 70%, a taxa de éxito superior ao 85% e a taxa de avaliación próximo ao 80%.

	Taxa rendemento	Taxa éxito	Taxa avaliación
<b>2009-2010</b>	58.56	82.68	70.83
<b>2010-2011</b>	61.24 (67.2)	81.63 (81.6)	75.02
<b>2011-2012</b>	53.41 (72.7)	75.71 (83.7)	70.55
<b>2012-2013</b>	63.44 (76.4)	81.94 (83.3)	77.43
<b>2013-2014</b>	68.60 (77.4)	85.81 (85.7)	79.61
<b>MVT</b>	58.00	--	--

**Táboa 6. Taxas de rendemento (tamén na memoria de verificación do título, MVT), éxito e avaliación, dende 2009-2010 ata 2013-2014. As cantidades son porcentaxes. Entre parénteses, para a taxa de rendemento e a taxa de éxito, media da USC para estudos de grao.**

Na Táboa 7 inclúese a comparativa das taxas no GF da USC con outras titulacións a nivel estatal.

	Taxa rendemento	Taxa éxito	Taxa avaliación
<b>Máximo</b>	85,7	96,6	91,5
<b>Promedio</b>	74,0	89,8	82,4
<b>Mínimo</b>	64,5	84,5	71,9

**Táboa 7. Resumo das taxas de rendemento, éxito e avaliación para as titulacións de Grao en Filosofía en universidades públicas con docencia presencial no curso 2013-2014. As cantidades son porcentaxes. Fonte: SIU.**

Pódese observar que as tres taxas no GF da USC están por debaixo da media (aínda que por enriba do mínimo). Con todo, hai algo importante que sinalar acerca disto. Un dos xeitos nos que estas medidas buscan aumentar a taxa da graduación é pola vía de impulsar un aumento nas taxas de rendemento sen afectar á calidade do ensino.

Acerca disto cabe sinalar que o prestixio das universidades e a que parece ser a calidade docente nestas non está en xeito algún relacionado de xeito proporcional aos seus resultados con respecto a estas taxas. É interesante que a facultade de filosofía máis prestixiosa do sistema universitario español, a da Universidade de Barcelona, ten unha taxa de rendemento idéntica á da USC, e que a que posiblemente lle siga, a de Granada, ten unha taxa de rendemento incluso inferior. As taxas de rendemento máis alta non se corresponden, porén, coas facultades que mais prestixio teñen. Igualmente acontece no que toca ás taxas de graduación, polo menos nos casos nos que os podemos dispor dos datos sobre elas (iso pode deberse a que rebaixando o nivel requirido para a superación das materias auméntase a taxa de rendemento).

Aínda así, confiamos en poder mellorar estes datos sen reducir a calidade docente coas accións recollidas abaixo. Mais antes é necesario facer un apunte sobre isto.

As taxas de graduación, eficiencia e abandono (tanto en primeiro curso como segundo o RD1393), así como a duración media dos estudos preséntanse na Táboa 8. A taxa de graduación é do 21.95%, superior á establecida na MVT, que era do 20% (na MVT xustificábase o establecemento deste valor, en base á experiencia previa da Licenciatura en Filosofía). A eficiencia do alumnado acaba (nos cursos para os que se pode calcular) un valor superior ao 90% e a duración media dos estudos (unicamente dispoñible para dúas cohortes de estudantes) é lixeiramente superior aos 4 anos que establece o plan de estudos. Haberá que agardar a ter máis información para poder establecer e analizar tendencias en relación a

estes dous indicadores. Tamén se debe salientar que a taxa de eficiencia é superior á establecida na MVT (de feito supéraa en máis de 10 puntos porcentuais). Finalmente, en relación á taxa de abandono comentar que esta (41.46%) é inferior á establecida na MVT, onde se fixaba unha taxa de abandono do 50% e se xustificaba o seu valor.

	Taxa graduación	Eficiencia	Abandono (1º curso)	Abandono (RD1393)	Duración media de estudos
2009-2010	--	--	--	--	--
2010-2011	--	--	--	--	--
2011-2012	--	--	--	--	--
2012-2013	--	95.90	25.32	--	4.00
2013-2014	21.95	93.36	32.35	41.46	4.33

**Táboa 8. Taxa de graduación, eficiencia dos titulados, taxas de abandono (en 1º curso e segundo o RD1393/2007) e duración media dos estudos, dende 2009-2010 ata 2013-2014.**

Os valores establecidos na MVT para a taxa de graduación, abandono e eficiencia, así como os valores previstos para os vindeiros cursos preséntanse na Táboa 9.

	Taxa de graduación	Taxa de abandono	Taxa de eficiencia
MVT	20%	50%	82%
Prevista	30%	40%	90%

**Táboa 9. Taxas de graduación, abandono e eficiencia establecidas na memoria de verificación do título e previstas para os vindeiros cursos.**

Como xa se apuntou, esperamos experimentar esta mellora nestas taxas en base ás accións de mellora que van ser implementadas, tal e como se recolle nas taxas previstas na Táboa 9. Con todo, queremos salientar que estamos a cumprir co recollido na MVT e mesmo aínda que non existe aínda unha tendencia clara sobre cal pode ser a evolución das taxas de graduación.

Entendemos que o alumnado toma a decisión de estudar Filosofía en función do atractiva que lle parece esta disciplina logo do seu paso polo ensino medio e tamén en base a outros contactos con esta, sen levar adiante un exame comparativo das memorias de verificación deste e outros títulos e da evolución das súas taxas de graduación, eficiencia, etc., que de feito non sabemos se o/a estudante medio ou aínda a súa familia sabería como atopar. Con todo, se existise alguén entre o estudantado que considerase a decisión de estudar o GF informándose para iso na revisión da memoria do GF poderá comprobar que se está a cumprir o indicado na nosa MVT.

As accións de mellora que esperamos que aumenten as nosas taxas de rendemento nos vindeiros anos e indirectamente, con iso, a nosa taxa de graduación son as seguintes dúas:

#### **Acción de mellora (AM-06) – Análise das taxas de rendemento**

**Breve descrición:** realizar unha análise sobre as taxas de rendemento, que indirectamente teñen un impacto nas taxas de graduación e de abandono, detectando os casos nos que haxa variacións significativas en semestres e materias, se ben os valores acadados actuais nestas taxas están próximos ou por debaixo do que figura na memoria de verificación do título.

**Obxectivos:** detectar as posibles razóns que xustifiquen as actuais taxas de rendemento, graduación e de abandono co fin de poder poñer en marcha medidas correctoras.

#### **Acción de mellora (AM- 07) – Introducción de calendarios de avaliación**

**Breve descripción:** realizar nas reunións de coordinación de curso calendarios para cada semestre e curso nos que se coordinen as tarefas de avaliación para as materias impartidas en cada semestre de xeito que estas se vaian facendo de xeito regular, sen cargas avaliativas en intres concretos e harmonizando os requirimentos que distintas materias fagan ao alumnado en función dos créditos que teñan, de maneira que non haxa variacións de peso entre as esixencias en termos de carga de traballo entre materias co mesmo número de créditos.

**Obxectivos:** aumentar as taxas de rendemento, e con elas indirectamente a de graduación.

[6] Ten **carácter esencial ou estratéxico** para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do SUG.

No Plan de Viabilidade inicial indicábase xa que a filosofía é o que se coñece como un saber fundacional da universidade. O Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade do GF tamén recoñece a súa excepcionalidade.

O papel que os estudos de filosofía han de xogar dentro do sistema universitario non é equiparábel ao da maioría dos títulos que proporcionan unha formación que, en maior ou menor medida, se pode axustar ás necesidades do sistema produtivo. O papel que os estudos de filosofía han de xogar dentro do sistema universitario ha de ser comprendido considerando as seguintes circunstancias:

1. O valor intrínseco do saber en filosofía na nosa sociedade

A filosofía –como a matemática, a música, a física, a política, a historia, a bioloxía, a filoloxía, a química,... – xustifícase por si mesma: é un “saber” fundacional. Estudiar, por exemplo, “contabilidade” é moi importante para soste unha economía complexa; pero a “contabilidade” ten un valor meramente instrumental para tarefas concretas; o seu estudo só se xustifica dende a súa utilidade para estas. No caso dos “saberes” arriba mencionados, aínda que moitos deles teñan un notable valor instrumental, no son as súas posibles utilidades as que –a diferenza de, por exemplo, a contabilidade– xustifican o seu cultivo e estudo. Unha sociedade moderna e que ofrezca aos seus cidadáns e cidadás un acceso á cultura e ao coñecemento non pode prescindir de ditos saberes

2. O ineludible papel da filosofía na articulación dos saberes e a configuración da universidade mesma

A filosofía é chave na interacción de todos os saberes: científicos, humanísticos, técnicos, artísticos. Configúrase entre eles e proxéctase ante todo sobre eles; aliméntase dos seus problemas e contribúe á súa mellor comprensión. Por iso xoga un papel necesario no sistema universitario.

As universidades non poden ser vistas como meros agregados de “titulacións”. Unha boa formación universitaria non pode producir meros especialistas, as súas persoas egresadas deben posuír ademais unha sólida formación cultural e estar animadas por unha activa curiosidade intelectual que lles permitan exercer a súa especialidade con máis eficacia, na medida en que, aberto pola súa formación a outros coñecementos, outros problemas e outras linguaxes, a súa capacidade para formalizar, resolver e confrontarse a novos problemas verase notoriamente incrementada. Isto é preciso para termos unha sociedade madura, rica e que pague a pena. Por iso é que a filosofía é esencial na universidade.

## [7] Xustificación de adaptación.

Na MVT presentárase xa a xustificación da adaptación da titulación:

- Á estrutura económica de Galicia.
- Ás necesidades do seu mercado laboral actual.
- Á existencia dunha demanda real por parte da sociedade e dos estudantes. mediante a presentación dun estudo que xustifique a participación ou colaboración de axentes externos relevantes no desenvolvemento social, cultural e económico de Galicia,
- Á procura da incorporación de perfís profesionais de futuro no título vinculados
- Aos sectores estratéxicos de Galicia.

Tradicionalmente as titulacións en filosofía teñen sido vistas como requiridas para a formación de profesorado do ensino medio. Mais o feito é que as saídas profesionais das egresadas e egresados en filosofía teñen cuberto tamén outros campos, e a modificación do GF planeada ten como obxectivo reforzar estes. Sobre isto hai que facer dous apuntes fundamentais.

1. O estudo en filosofía ofrece unha excelente formación para a análise, a consideración de argumentos e a toma de decisións prácticas que facilita que o estudantado que non desexe continuar cunha formación filosófica logo do GF atópese nunha moi boa posición para ter éxito noutros ámbitos relacionados co mundo da empresa, o investimento, a función pública e outros. En contextos de relativa incerteza económica como continúa a ser na actualidade o galego este pode ser un valor enormemente importante.

2. Todo isto á marxe de que, como se ten indicado xa en apartados anteriores, de que:

- (i) existe unha demanda vocacional por unha parte do estudantado galego no estudo do GF;
- (ii) a existencia deste grao dinamiza e enriquece a vida universitaria;
- (iii) a presenza de estudos en filosofía enriquece culturalmente unha sociedade.

Polo tanto, hai un potencial no plano económico e noutros do GF que xustifica a súa presenza no SUG. Na propia MVT xa se argumentaba isto, indicándose o seguinte:

“Es un rasgo característico de las sociedades avanzadas de nuestra época el hecho de conceder un papel singular al conocimiento, hasta el punto de soler denominarlas con la expresión “sociedad del conocimiento”. Con ello se quiere aludir a la importancia, alto grado de desarrollo, circulación y dinamismo de la ciencia y la tecnología y, asimismo, de la cultura en general. Constituye otro rasgo de estas sociedades, la atención a las consecuencias del conocimiento científico y de sus aplicaciones tecnológicas, así como el interés en la extensión y potenciación de la cultura, como un valor para los individuos y las sociedades. Por una parte, la Filosofía ha tenido desde sus inicios y a lo largo de la historia un papel fundamental en los primeros pasos (tanto en la formulación, como en la formación) de gran parte de las ciencias, desde las naturales a las ciencias sociales o humanas. Muchos conocimientos empezaron siendo filosóficos y luego se convirtieron en científicos. Es igualmente notable la aportación de la Filosofía al arte, la literatura y las demás expresiones de la cultura. Por otra parte, ha jugado un papel determinante en la configuración y vertebración de un espacio europeo constituido sobre bases de tanta proyección como son el pensamiento racional crítico, la libertad de conciencia o el reconocimiento de la dignidad y de derechos de los seres humanos, además de la génesis y desarrollo de la ciencia moderna y de la tecnología a ella asociada. En la actualidad se trata de renovar y adecuar ese papel a las

características de la sociedad global contemporánea, sin perder de vista su función comprensiva y crítica así como el interés que la filosofía despierta en individuos y grupos como constructora de sentido personal y social...

Según el estudio realizado para el Libro Blanco de Filosofía, dos de cada tres (68%) de los licenciados han logrado empleo, y uno de cada seis (el 17 %) del total de licenciados, lo ha conseguido en uno relacionado con el mundo filosófico de sus estudios. Respecto a los empleados en ámbitos ajenos a la filosofía, es importante destacar que el 94 % de los licenciados empleados ha logrado un puesto de trabajo para cuya consecución se requería nivel de licenciatura, ni un nivel superior de doctorado ni uno inferior a su nivel de licenciado. En todo caso pues, los egresados de la titulación de filosofía logran empleos acordes con su nivel académico. Los estudios realizados por la Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia sobre los egresados de Filosofía de la USC, entre 2003 y 2005, arrojan unos resultados semejantes: el 45% trabaja, el 18,33% estudia y el 35% oposita. Es de destacar que estos opositores no apuntan sólo a la enseñanza, sino también a los más diferentes puestos de la Administración. Además, aquellos que trabajan lo hacen en diversos empleos, no sólo en la enseñanza. En resumen y en concreto, las salidas profesionales del título serían: 1) La enseñanza de materias filosóficas en todos los niveles de la educación, en especial en la enseñanza secundaria, el bachillerato y la universidad. 2) La investigación y la creación filosóficas. 3) El desempeño de los variados puestos de las administraciones públicas a los que cabe concursar con el título de licenciado en Filosofía. 4) La gestión cívica (ONG's, fundaciones, etc.), editorial y cultural (mediadores culturales, etc.). 5) El asesoramiento y consultoría en bioética, responsabilidad corporativa, convivencia intercultural, mediación social, comunicación audiovisual, orientación personal, etc.”



[8] Ten un deseño curricular que **favorece a empregabilidade**

O indicado no apartado anterior require do GF un axeitado deseño curricular. No plan inicial indicábase que o deseño curricular está principalmente orientado á formación de profesorado. As posibles modificacións do título permitirían unha formación máis transversal/flexible. Neste sentido, o plan de renovación da titulación traballará para, coa información que obteñamos acerca de como a empregabilidade de egresados e egresadas, orientar consecuentemente ás liñas xerais de actuación do plan de renovación.

A ACSUG realizou os Estudos de Inserción Laboral sobre os titulados da Licenciatura en Filosofía nos cursos 2008-2009, 2009-2010 e 2010-2011. Se ben se trata dos últimos cursos da licenciatura, cun número de titulados non elevado, ao non dispor aínda de datos para o GF considéranse estes para ter unha primeira referencia, aínda que coa debida cautela.

En primeiro lugar, cabe salientar que pese ao contexto económico actual, a situación dos titulados en Filosofía mellorou ao longo dos estudos tanto na porcentaxe dos que atopan traballo como en aqueles que o fan en algo relacionado coa titulación. En concreto, a porcentaxe de titulados que no momento da enquisa atoparan traballo aumenta progresivamente, pasando dun 8,3% para os titulados do curso 2008-2009 ao 50% para os do 2010-2011. Ademais, a porcentaxe dos que atopan traballo relacionado co título aumenta progresivamente, sendo do 50% dos que traballan no curso 2010-2011.

Este sería un primeiro indicio de que o deseño do título que acadaban favorecía a empregabilidade, característica que se debería manter para as cohortes de graduadas e graduados en Filosofía, posto que na adaptación dos estudos ao Espazo Europeo de Educación Superior (e tal e como se reflicte na MVT) se tivo presente este aspecto. Ademais, nos estudos dos anos 2008-2009 e 2009-2010 nos que se dispón de cuestionarios completos, o 100% dos titulados que atoparon traballo consideran que os coñecementos adquiridos durante o título son de moita utilidade e que a súa titulación está moi ben considerada no ámbito da empresa.

Por outra parte, o cuestionario dos estudos de inserción laboral da ACSUG recolle a valoración da importancia da adquisición de competencias durante a formación no desempeño do traballo actual. Nos dous últimos estudos, é destacable as valoracións daquelas directamente relacionadas coas competencias xerais e específicas desenvoltas no plan de estudos do Grao en Filosofía:

Competencia/habilidade	Valoración sobre 5 puntos	
	2008/2009	2009/2010
Capacidade para a aprendizaxe	4,5	5
Pensamento crítico	4,5	5
Creatividade	4,5	5
Capacidade de comunicación oral/escrita	4,5	5
Coñecementos teóricos no seu campo	4,5	5
Coñecementos prácticos no seu campo	4,5	5
Capacidade de análise	4,5	5
Capacidade para resolver problemas	4,5	4
Capacidade de planificación, coordinación e organización	4,5	5
Capacidade de liderado	3,5	1
Coñecementos de idiomas	3	3
Coñecementos de informática	3	2

Por outra banda, é interesante tamén o Estudo de inserción laboral de egresados do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que emprega datos de afiliación á Seguridade Social.

	Taxa de afiliación	% autónomos	% asalariados TC	Grupo de cotización			Base de cotización media
				Universitario	Medio, non manual	Baixo e manual	
23/03/2011	21,1%	0,0%	75,0%	50,0%	-	50,0%	21.663,00 €
23/03/2012	21,1%	25,0%	66,7%	75,0%	-	25,0%	21.058,20 €
23/03/2013	21,1%	25,0%	100,0%	75,0%	0,0%	25,0%	21.188,49 €
23/03/2014	26,3%	0,0%	60,0%	40,0%	20,0%	40,0%	29.016,00 €

**Táboa 10. Datos de inserción laboral para os Licenciados/as en Filosofía no curso 2009-2010: taxa de afiliación á Seguridade Social, porcentaxe de autónomos, porcentaxe de asalariados a tempo completo, grupos de cotización e base de cotización media dos asalariados. Fonte: SIIU.**

Estes datos son da última promoción da licenciatura, co cal hai algúns problemas de extrapolación ao GF, aínda que parece unha información relevante para este. Para avanzar no noso coñecemento sobre este punto, que nos resulte de aplicabilidade para a planificación da docencia no GF, introducíranse as seguintes accións de mellora:

#### **Acción de mellora (AM-08) – Grupos de discusión con egresados/as**

**Breve descrición:** realizar unha investigación cualitativa con egresados/as do GF.

**Obxectivos:** recadar información sobre a traxectoria e situación laboral, incidindo na utilidade dos contidos aprendidos e das competencias adquiridas para o desempeño laboral. Ademais de obter información para ter unha “fotografía” da situación laboral, con esta medida preténdese obter tamén a súa visión sobre a utilidade de contidos e competencias para o desempeño laboral co obxectivo de utilizala no plan de renovación da titulación.

#### **Acción de mellora (AM-09) – Creación dun censo de egresadas/os**

**Breve descrición:** levarase adiante a creación dun censo de egresadas e egresados cuxa traxectoria profesional será obxecto de seguimento.

**Obxectivos:** recadar información sobre a traxectoria e situación laboral, incidindo na utilidade dos contidos aprendidos e das competencias adquiridas para o desempeño laboral.

### [9] **Evita a especialidade** temperá e excesiva

O deseño curricular do título na actualidade tal e como vai exposto na MVT adecúase ás directrices xerais dos graos e foi considerado satisfactorio no seu momento coa aceptación de dita memoria. O GF proporciona unha formación xeral nos distintos problemas filosóficos tratados na actualidade e un repaso polas distintas posicións, escolas e tradicións á hora de abordar estes.

De feito, o paso da licenciatura ao grao, e con el da redución dun ano na docencia fixo que os programas se focalicen precisamente en achegar unha formación de carácter xeral e non especializado no estudo dun determinado tipo de problemáticas ou desde un punto de vista moi concreto.

A especialización é adquirida nos estudos de mestrado. As competencias atópanse ben axustadas ao Marco Español de Cualificaciónes para la Educación Superior (MECES), para o GF.

[10] **Facilita a mobilidade dos estudantes** entre as diversas opcións, mellorando a eficiencia no uso dos recursos

Como xa se indicou, o GF ofrece unha formación única e específica. Con todo, a formación adquirida nas materias básicas do GF poden facilitar a mobilidade para outros estudos. Nalgúns casos non poden formar parte dos currícula doutras titulacións, aínda que ofrecen contidos útiles para estas:

- As materias *Introdución á antropoloxía cultural* e *Antropoloxía e Filosofía do Xénero*, e mesmo *Antropoloxía filosófica* son materias cursadas en títulos en antropoloxía, e socioloxía, e nas que se tratan cuestións de interese obviamente en e outras ciencias sociais.
- A materia *Introdución á Estética* é tamén cursada no campo da Historia da Arte e as Belas Artes.
- A Semiótica é de utilidade tanto en Ciencias Sociais, especialmente en Ciencias da Comunicación e en Filoloxía como, de novo, en titulacións no campo da Historia, a Historia da Arte e as Belas Artes.
- A *Introdución á Ética* e a *Introdución á Filosofía Política* son materias de interese xeral para calquera persoa nunha carreira universitaria, sendo ademais a primeira de moita relevancia para as persoas que traballen en titulacións onde se presenten dilemas éticos como a Medicina, a Bioloxía ou a Veterinaria, e a segunda de grande relevancia para as Ciencias Sociais. En calquera caso, a segunda serve tamén para a formación en Ciencias Políticas.

Tamén a formación en moitas materias do Grao poden ser de interese complementario da súa formación a persoas que están a cursar outras titulacións, e de feito moito estudiantado de mobilidade que proveñen doutras titulacións se matriculan por iso.

[11] Favorece a **retención de talento na contorna** socioeconómica galega.

O indicado no apartado 8 apunta a que as persoas tituladas no GF non se ven en absoluto nunha situación de maior vulnerabilidade que as graduadas noutras titulacións para teren que procurar traballo fora da nosa comunidade. De feito, pola contra, parece que unha formación no GF, mesmo en combinación cuns estudos de pos-graduación noutros campos, pode ser de utilidade para a formación de emprego nela.

Así mesmo, aquelas que destaquen pola súa excelencia teñen a capacidade de continuaren os seus estudos de mestrado e doutoramento na nosa facultade.

En relación á retención de talento, tanto nos estudos do 2008-2009 como no 2009-2010, o 100% dos titulados que traballaban facíanlo en Galicia. Para a cohorte do 2010-2011, esta porcentaxe baixou ao 50%, alegando os titulados a existencia de mellores ofertas no exterior e os motivos persoais. Estes resultados están en consonancia cos globais para o Sistema Universitario de Galicia.

A información destes estudos é fundamental para determinar a retención de talento en Galicia, e de non ser o caso, determinar as posibles causas. Con todo, será necesario avaliar os resultados do GF, ademais de complementar os datos dos estudos de inserción laboral coa información que se obteña a través das accións de mellora AM-08 (grupos de discusión con egresados) e AM-09 (censo de egresados do GF).

[12] Fomento do **espírito emprendedor e o autoemprego** dos egresados.

No apartado 8 xa se apuntaron algunhas ideas respecto deste punto, se ben é certo que non contamos con datos dos que poidamos derivar conclusións cun fundamento empírico claro. Neste sentido traballaremos con accións de mellora que nos permitan coñecer de maneira moito máis clara e directa esta información.

Na AM-08 (discusión con egresados), indagarase tamén sobre aspectos relativos ao emprendemento e ao autoemprego, de maneira específica (considerando que a enquisa da ACSUG non os cubre). E o rexistro de alumnado egresado recollido na AM-09 permitirá no futuro coñecer isto moito mellor, e axeitar a docencia do GF en consecuencia.

[13] Axústase a cuestións de **innovación docente e investigadora**.

En xuño deste ano constitúese na nosa facultade un Grupo para Innovación Docente en Filosofía. Este ten como un dos seus obxectivos a formación do profesorado no emprego das TICs e novas tecnoloxías. Levamos xa a termo un curso para a planificación da docencia na realización de guías docentes logo do remate do segundo semestre do pasado curso 2014-2015.

Isto amosa por parte do noso centro un compromiso claro e serio por apostar pola formación do profesorado. Ata agora a participación en actividades do PFID fora moi flutuante. Mais desde agora con este novo paso vaise xeneralizar. Isto podemos velo examinando os datos para os últimos cursos 2012-2013 e 2013-2014, e considerando o grande aumento experimentado no curso 2014-2015, que nos sitúa en cifras que, seguindo as nosas expectativas, se manterán en cursos vindeiros.

	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014	2014-2015
<b>Horas</b>	170	103	8	96	10	192
<b>Actividades</b>	9	7	1	6	1	6
<b>Nº prof.</b>	3/12 (25%)	3/19 (15.79%)	1/24 (4,17%)	4/24 (16.67%)	1/25 (4%)	9/23 (39,13%)

**Táboa 11. Datos de participación do profesorado do Grao en Filosofía no Plan de Formación e Innovación Docente. Fonte: USC**

Con todo, tamén é necesario considerar con respecto a isto que na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, valórase o seguinte ítem:

*Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia (soportes multimedia, aula virtual, TICs, encerado, actividades prácticas e complementarias, guía docente, mapas conceptuais, esquemas, cadros, fotocopias, materiais de laboratorio,...)*

Os resultados nos últimos cursos foron os seguintes:

- Curso 2011-2012: 3.32 (3.57 media estudos de grao da USC)
- Curso 2012-2013: 3.28 (3.58 media estudos de grao da USC)
- Curso 2013-2014: 3.46 (3.66 media estudos de grao da USC)

[14] Acreditación da **viabilidade económica**, atendendo aos recursos dispoñibles

A acreditación da viabilidade económica do título de Grao en Filosofía susténtase no resultado de actividades da Universidade de Santiago de Compostela correspondentes ao 2014, seguindo o modelo de contabilidade analítica para universidades<sup>4</sup> establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. A Contabilidade Analítica é un sistema de información contable cuxa principal finalidade é subministrar á organización información relevante en relación ás actividades desenvoltas por esta. En concreto, permite avaliar a eficiencia e eficacia na xestión, obtendo información sobre os custos de prestación de servizos universitarios, e calcular as marxes de cobertura existentes.

Para levar a cabo unha análise específica para o Grao en Filosofía, considerárase a relación do seu custo co total das titulacións da USC, a taxa de cobertura do custo tendo en conta os ingresos por matrícula e analizarase o custo total da titulación, tendo en conta a aplicación da regra 23 (tratamento da dedicación do persoal docente e investigador).

Tal e como consta no informe de actividades do ano 2014, o custo total da actividade da USC en 2014 é de 228,15 millóns de euros, do cal o 33,70% corresponde ás actividades de docencia (76.894.404,76 millóns de euros -páx. 59-).

O título de Grao en Filosofía pertence ao grupo de titulacións oficiais da rama de Artes e Humanidades. O custo total destas titulacións oficiais é de 10,85 millóns de euros anuais, correspondéndolle ao GF un custo de 1,11 millóns de euros, aproximadamente o 10,21% do total da rama. Isto supón que o custo da titulación representa un 1,44% do custo total de titulacións oficiais da USC (e un 0,49% do custo total de actividade da institución). Esta baixa porcentaxe sobre o total fai que a viabilidade económica do título se poida garantir dentro da institución. Débese ademais salientar que do custo total da titulación, un 69,29% corresponde a custos de persoal, e deste, o 87,45% derívase de soldos e salarios do persoal docente e investigador funcionario (384.110,26 euros anuais, resultado da aplicación da regra 23). Calquera modificación que se producise no título non variaría este custo.

Ademais, tendo en conta os ingresos imputables á actividade docente, tanto da rama como da titulación, cabe salientar que a taxa de cobertura na rama é do 13,05%, mentres que na titulación esta cobertura está por enriba, cunha marxe do 15,56% para o GF. Traducindo esta cantidade a custo por crédito, resultarían 69,22 euros/crédito, sendo o custo da rama de 82,97 euros/crédito.

---

<sup>4</sup> O informe pode descargarse da seguinte ligazón: [http://www.usc.es/gl/goberno/xerencia/info\\_economica.html](http://www.usc.es/gl/goberno/xerencia/info_economica.html)



[15] Acreditación da **non coincidencia de obxectivos nin contidos con outros títulos oficiais** existentes na mesma universidade, coa finalidade de evitar a multiplicidade de títulos (non coincidencia do 50% dos créditos).

Como xa se apunta no Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade do GF, o propio deseño e especificidade do título garante que non haxa coincidencias de obxectivos ou contidos cos impartidos noutros títulos, tal e como se comentou no apartado 10.

Como tamén se indicou, de feito a tendencia que parece que deberemos contemplar no estudo de alternativas para a mellora do GF pode ser máis ben, máis que recalcar unha moi clara singularidade de obxectivos e contidos actual, a procura deles. Isto indícase tamén no Informe de Avaliación onde se considera de feito a posibilidade futura dun avance cara á interdisciplinabilidade.

[16] Xustificación do **encadre da proposta** dentro da oferta global galega.

En apartados anteriores (en concreto, no 8, 11 e 12) achegáronse razóns explicativas do encadre do GF dentro da oferta global galega. Como xa se amosou no apartado 8, isto xa fora xustificado na MVT, na cal xa se indicara o seguinte respecto disto que segundo o estudo realizado pola ACSUG hai dez anos arriba citado un 45% das persoas egresadas recentes na Licenciatura en Filosofía traballaba, un 18,33% continuaba a estudar e un 35% opositaba a distintos postos.

O encadre continúa a ser fundamentalmente o mesmo que no momento da aprobación da MVT, coa única limitación dos efectos da crise teñen sido máis significativos agora, con todo, isto tamén formula oportunidades ás persoas egresadas no GF sinaladas nos apartados arriba mencionados.

[17] Vinculación coas **titulacións de mestrado e doutoramento** existentes.

Na Facultade de Filosofía da USC impártense, ademais do GF, distintas titulacións a nivel de mestrado e doutoramento. No que atinxe ao primeiro, impártense na nosa facultade dous títulos de mestrado:

- Máster en Filosofía: Cuestións Actuais
- Máster Interuniversitario en Lóxica e Filosofía da Ciencia (3ª edición)

Contamos así mesmo con estudos de doutoramento conforme aos seguintes programas:

- Doutoramento en Filosofía conforme á oferta de estudos do RD 99/2011, curso 2014/15
- Doutoramento en Filosofía en período de extinción RD1393/2007
- Doutoramento en Filosofía en período de extinción RD 778/1998
- Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia (1ª Edición, en extinción)
- Doutoramento en Lóxica e Filosofía da Ciencia (2ª edición)

O Máster en Filosofía: Cuestións Actuais ven de ser acreditado no pasado curso 2014-2015, acreditación que impulsou un proceso de aprobación e implementación de accións de mellora que ten beneficiado non só ao propio mestrado, senón tamén á facultade no seu conxunto. Nesa recente acreditación do máster indicouse ademais;

“se ha evidenciado que un número significativo de estudiantes egresados de este máster continúan sus estudios en el programa de doctorado de Filosofía, ofertado por esta facultad, cumpliendo así uno de los propósitos previstos en la memoria de verificación del título”.

Pódese apreciar que o GF cumpre o papel central na continuidade na oferta “global”:

Grao → mestrado → doutoramento.

Sen o grao todo este percorrido formativo, único na nosa comunidade no campo dos estudos en filosofía, estaría xa abortado desde o inicio. Isto á marxe, obviamente, de que haxa estudantes que opten por outras opcións para o mestrado como másters para formación do profesorado, ao cal en calquera caso acceden tamén grazas aos seus estudos no GF.

[18] Fomento da **utilización das TIC e novas tecnoloxías.**

A Facultade de Filosofía comezou a traballar xa para cumprir outro dos requirimentos feitos no Informe de Avaliación do Plan de Viabilidade do GF, o relativo ao uso das TICs do profesorado de cara a eliminar a presencialidade alí onde sexa posíbel. Como xa se indicou arriba, en maio deste ano acordouse crear un Grupo para Innovación Docente en Filosofía. No presente curso 2015-2016 levaranse a termo na nosa facultade cursos para a implantación de ferramentas telemáticas para a docencia, co uso de plataformas online. Aínda que ven habendo un uso crecente do Campus Virtual temos como obxectivo a xeneralización do emprego deste como paso previo para a capacitación do profesorado para o paso a unha eventual semipresencialidade futura.

No curso 2016-2017 esta formación complementarase con cursos para a adquisición de competencias en software para a comunicación non presencial de información, incluíndo o uso de vídeos, presentacións e software que permitan a interacción a distancia de xeito que a presencialidade continua non sexa xa un requirimento para a docencia, especialmente no que atinxe ás aulas expositivas.

[19] Incardinación en **redes internacionais de calidade.**

O noso centro conta con amplos contactos con universidades do norte de Portugal, en particular coa Universidade do Minho, a Universidade do Porto e a Universidade de Tras os Montes e Alto Douro. Cabe destacar en particular que docentes do GF participan e teñen impulsado a Sociedade de Filosofía da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que propicia este tipo de colaboracións.

No que atinxe á mobilidade estudiantil, esta tense mantido na nosa facultade nun contexto que non é favorábel para ela. Hai que indicar que deixando de lado os datos dos dous primeiros cursos (que non son representativos ao estar o alumnado propio do noso grao nos cursos iniciais), pódese observar que a mobilidade se ten vido reducindo, o cal (segundo o propio testemuño do estudiantado indica) é debido fundamentalmente a motivos económicos (diminución das bolsas e dificultades crecentes das familias e persoas a título individual para sustentar a estancia noutra cidade ou país, así como para costear as viaxes). Mais esa diminución ten sido reducida. É de salientar en particular a alta presenza de estudantes de universidades alleas debido aos convenios bilaterais con outras universidades. Isto amosa que os estudos no noso GF teñen prestixio tanto a nivel estatal como internacionalmente.

Isto último amósase no feito de que a presenza de alumnos alleos de intercambio ten lugar en particular no caso de estudantes que proveñen de universidades latinoamericanas, que, xunto co profesorado de ditas universidades, poden coñecer mellor o traballo feito na Facultade de Filosofía da USC que o alumnado provinte doutros contextos lingüísticos. A cifra de alumnos e alumnas procedentes destes lugares de orixe tense mantido en niveis altos. Isto engade mais prestixio internacional á nosa universidade, aparte de reverter en divisas investidas no noso país. Co fin de facer medrar as cifras de mobilidade, impulsáronse novos convenios para a mobilidade do estudiantado, en particular con universidades prestixiosas de Latinoamérica.

Mobilidade do Grao en Filosofía			2009/10	2010/11	2011/12	2012/13	2013/14	2014/15
<b>ALLEA</b>								
<b>Convenio</b>	<b>con</b>	<b>outras</b>	1	1	8	6	6	9
<b>Universidades</b>								
Erasmus			9	3	5	5	4	3
SICUE			0	0	6	5	1	1
<b>PROPIA</b>								
Convenios outras Universidades			0	0	0	1	1	1
Erasmus			0	0	1	1	1	1
SICUE			0	0	2	1	5	2
<b>Total</b>			<b>10</b>	<b>4</b>	<b>22</b>	<b>19</b>	<b>18</b>	<b>17</b>

Táboa 12. Datos de mobilidade allea e propia do Grao en Filosofía desde a súa implantación. Fonte: USC

### Plan de melloras do Grao en Filosofía

Inclúense a continuación as accións de mellora deseñadas para a implementación do Plan de Viabilidade do Grao en Filosofía, que xa foron introducidas no apartado anterior. As accións de mellora aquí expostas formarán parte do plan de melloras do Grao en Filosofía, independentemente doutras que se deriven do obrigado seguimento que se debe realizar do título. No apartado de “observacións” de cada acción indícase a súa relación/aliñamento co plan estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela.

### Estrutura para o desenvolvemento do Plan de Melloras

No Sistema de Garantía Interna da Calidade da Facultade de Filosofía distínguense dúas comisións con diferentes funcións dentro do sistema. Por unha parte, está a Comisión do Grao en Filosofía, cuxas funcións son:

- Analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e o/a Responsable de Calidade do Centro para levar a cabo o seguimento do Título.
- Realizar un informe dos resultados do título e as propostas de mellora (Informe de seguimento do Título) e, cando sexa necesario, facer propostas de modificación ou suspensión del.

Por outra parte, está a Comisión de Calidade da Facultade, na que están representados os coordinadores dos diferentes títulos impartidos na Facultade e á que corresponden as seguintes funcións:

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
  - Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
  - Informe de seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
  - Informes de seguimento dos Títulos.

A análise de resultados, as propostas de mellora derivadas dela e o seguimento da súa execución realízanse a dous niveis:

#### A nivel de titulación:

A Comisión de Título, a partir da información proporcionada polo/a RCC, realiza unha análise para avaliar o grao de consecución dos resultados planificados e os obxectivos asociados a cada un dos indicadores definidos para avaliar a eficacia do título. Como consecuencia desta análise, propón accións correctivas/preventivas ou de mellora en función dos resultados obtidos. Esta análise e a proposta de accións plásmanse no Informe de seguimento/acreditación do título de acordo co subproceso So1-PM-01 Seguimento/acreditación do título.

#### A nivel de centro:

Na Comisión de Calidade do Centro expóñense os Informes de seguimento aprobados polos órganos competentes en cada caso. A partir das propostas de mellora recollidas neles, a CCC establece a Programación plurianual de calidade do centro (obxectivos, accións de mellora, responsables, prazos, recursos, etc.), de acordo ao establecido no PE-01 Política e Obxectivos de Calidade do Centro.

<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-01. Organización de conferencias temáticas para ser impartidas nos centros de ensino secundario de toda Galicia</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Baixa demanda da titulación de Grao en Filosofía, non acadando o número mínimo de alumnos/as de novo ingreso requirido pola Xunta de Galicia.
<b>Responsable da súa aplicación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Programa A Ponte</li> <li>- Equipo Decanal da Facultade de Filosofía</li> <li>- Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación</li> </ul>
<b>Obxectivos específicos</b>	<p>(1) Mellorar a visibilidade da titulación de filosofía a través da explicación de contidos de interese para os estudantes de bacharelato</p> <p>(2) Mellorar as porcentaxe de estudantes interesados en cursar estudos de Filosofía na USC</p>
<b>Actuacións a desenvolver</b>	<p>Preparación dunha oferta de cinco conferencias temáticas ao redor da Filosofía para ofertalas aos centros de ensino medio de Galicia.</p> <p>Os eixes temáticos destas conferencias temáticas serán:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cuestións de ética actuais</li> <li>2. Contribucións do pensamento filosófico a problemas de relevancia actual.</li> <li>3. A filosofía, a ciencia e as novas tecnoloxías</li> <li>4. A filosofía da mente</li> <li>5. Argumentacións e falacias</li> </ol>
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Número de conferencias impartidas en centros de ensino secundario.</li> <li>- Número de asistentes ás conferencias temáticas.</li> <li>- Relación de centros de ensino secundario onde se impartiron as conferencias.</li> <li>- Demanda das conferencias temáticas.</li> <li>- Datos de matrícula.</li> </ul>
<b>Observacións</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta acción de mellora incluírase no plan de melloras da titulación.</li> <li>- A acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Actividade Universitaria” está estreitamente ligada á liña estratéxica “Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade”. Esta liña establece catro obxectivos e actuacións entre os que figura “Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade”.</li> </ul> <p>A competencia entre as universidades na captación do alumnado fai necesario que a oferta de titulacións da USC, ademais de ser de calidade, sexa difundida de xeito eficaz. Para cumprir</p>	

este obxectivo, o Plan estratéxico estableceu as actuacións seguintes:

1. Definir un plan de difusión de integral da oferta formativa da USC
2. Diseñar estratexias de promoción das titulacións, poñendo en valor a especialización delas.

Por outra parte, esta acción de mellora tamén está asociada dentro do ámbito “Relación co contorno”, coa liña estratéxica denominada “O compromiso e a implicación coa sociedade”. Trátase de acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural para o que se abordarán, entre outras, distintas liñas de actuación:

1. Fomentar a colaboración do persoal en actividades de proxección exterior e promoción da USC.
2. Difundir as actividades da Universidade cara á sociedade, empregando diversas canles de comunicación e aproveitando o potencial das novas tecnoloxías da información e comunicación.



<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-02. Fomento da Olimpíada Filosófica no ensino medio</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Baixa demanda da titulación de Grao en Filosofía, non acadando o número mínimo de alumnos/as de novo ingreso requirido pola Xunta de Galicia.
<b>Responsable da súa aplicación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Equipo Decanal da Facultade de Filosofía.</li> <li>- Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación.</li> </ul>
<b>Obxectivos específicos</b>	Colaborar na organización e promoción da Olimpíada Filosófica, espallando o seu impacto.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	<p>A experiencia da Universidade de Santiago na organización de eventos competitivos/formativos para os estudantes de bacharelato é contrastada nos últimos anos. Actividades como Estalmat (Estimulación do talento matemático) ou das diferentes olimpíadas de Química, Física ou matemáticas, son organizadas cada ano cun importante éxito dentro das instalacións da universidade compostelá. A principal consecuencia destas actividades é o aumento progresivo de matriculados que acadaron cualificacións excelentes (superiores aos nove puntos sobre 10) nas probas de acceso á universidade.</p> <p>De igual xeito, a Facultade de Filosofía ten participado nos pasados cursos 2013-14 e 2014-15 na Olimpíada de Filosofía. Este evento ten un gran potencial para acadar un maior interese polos estudos no GF. Con todo, hai que indicar que nesta só ten participado unha parte reducida dos centros de ensino medio galegos. A Facultade de Filosofía impulsará este evento para aumentar o seu impacto.</p>
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participantes (número de estudantes; número de centros de orixe) na olimpíada e evolución anual (ou segundo perioricidade do programa) na mesma.</li> <li>- Datos de matrícula.</li> </ul>
<b>Observacións</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta acción de mellora incluírase no plan de melloras da titulación.</li> <li>- .A acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Actividade Universitaria” está estreitamente ligada á liña estratéxica “Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade”. Esta liña establece catro obxectivos e actuacións entre os que figura “Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade”.</li> </ul>	

A competencia entre as universidades na captación do alumnado fai necesario que a oferta de titulacións da USC, ademais de ser de calidade, sexa difundida de xeito eficaz. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico estableceu as actuacións seguintes:

1. Definir un plan de difusión de integral da oferta formativa da USC
2. Diseñar estratexias de promoción das titulacións, poñendo en valor a especialización delas.

Por outra parte, esta acción de mellora tamén está asociada dentro do ámbito “Relación co contorno”, coa liña estratéxica denominada “O compromiso e a implicación coa sociedade”. Trátase de acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural para o que se abordarán, entre outras, distintas liñas de actuación:

1. Fomentar a colaboración do persoal en actividades de proxección exterior e promoción da USC.
2. Difundir as actividades da Universidade cara á sociedade, empregando diversas canles de comunicación e aproveitando o potencial das novas tecnoloxías da información e comunicación.

<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-03. Celebración do Día da Filosofía</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Baixa demanda da titulación de Grao en Filosofía, non acadando o número mínimo de alumnos/as de novo ingreso requirido pola Xunta de Galicia.
<b>Responsable da súa aplicación</b>	- Equipo Decanal da Facultade de Filosofía. - Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación.
<b>Obxectivos específicos</b>	Realizar as actividades do Día da Filosofía con éxito, de xeito que promocióne os estudos no GF.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	- Asistentes ao evento. - Repercusión mediática.
<b>Observacións</b>	
<p>- Esta acción de mellora inclúrase no plan de melloras da titulación.</p> <p>- A acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Actividade Universitaria” está estreitamente ligada á liña estratéxica “Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade”. Esta liña establece catro obxectivos e actuacións entre os que figura “Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade”.</p> <p>A competencia entre as universidades na captación do alumnado fai necesario que a oferta de titulacións da USC, ademais de ser de calidade, sexa difundida de xeito eficaz. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico estableceu as actuacións seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Definir un plan de difusión de integral da oferta formativa da USC</li> <li>2. Diseñar estratexias de promoción das titulacións, poñendo en valor a especialización delas.</li> </ol> <p>Por outra parte, esta acción de mellora tamén está asociada dentro do ámbito “Relación co contorno”, coa liña estratéxica denominada “O compromiso e a implicación coa sociedade”. Trátase de acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural para o que se abordarán, entre outras, distintas liñas de actuación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar a colaboración do persoal en actividades de proxección exterior e promoción da USC.</li> <li>2. Difundir as actividades da Universidade cara á sociedade, empregando diversas canles de comunicación e aproveitando o potencial das novas tecnoloxías da información e comunicación.</li> <li>3. Aproveitar o activo dos egresados e das egresadas e das asociacións de antigos alumnos para difundir os valores e as actividades da USC.</li> </ol>	

<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-04. Elaboración de material informativo para grupos de interese.</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Baixa demanda da titulación de Grao en Filosofía, non acadando o número mínimo de alumnos/as de novo ingreso requirido pola Xunta de Galicia.
<b>Responsable da súa aplicación</b>	- Equipo Decanal da Facultade de Filosofía. - Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación.
<b>Obxectivos específicos</b>	Elaborar unha información moi detallada sobre distintos aspectos de interese como a inserción laboral, as competencias profesionais, as posibilidades de simultanear estudos, as posibilidades de matrícula como segunda titulación, os datos máis salientables da facultade, etc. Espallar tamén material de intereses que difundan a marca da Facultade de Filosofía e lle den prestixio. Captar alumnado para o máster
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Se ben os estudantes de bacharelato deben ter acceso aos materiais informativos (folletos, web, ...) é imprescindible establecer un material específicos para estudantes egresados, profesores dos centro, orientadores nos centros de ensino medio e persoas de relevancia pública. O material será difundido entre os grupos de interese con capacidade de liderato de opinión. Realizar tamén anuncios en Facebook dirixidos a un público específico, a poboación adolescente galega, das zonas occidentais das provincias de León e Zamora e do occidente asturiano.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	- Materiais deseñados e distribuídos (soporte, cantidade, potenciais receptores,...) - Datos de matrícula.
<b>Observacións</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta acción de mellora incluírase no plan de melloras da titulación.</li> <li>- A acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Actividade Universitaria” está estreitamente ligada á liña estratéxica “Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade”. Esta liña establece catro obxectivos e actuacións entre os que figura “Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade”.</li> </ul> <p>A competencia entre as universidades na captación do alumnado fai necesario que a oferta de titulacións da USC, ademais de ser de calidade, sexa difundida de xeito eficaz. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico estableceu as actuacións seguintes:</p>	

1. Definir un plan de difusión de integral da oferta formativa da USC
2. Diseñar estratexias de promoción das titulacións, poñendo en valor a especialización delas.

Por outra parte, esta acción de mellora tamén está asociada dentro do ámbito “Relación co contorno”, coa liña estratéxica denominada “O compromiso e a implicación coa sociedade”. Trátase de acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural para o que se abordarán, entre outras, distintas liñas de actuación:

1. Fomentar a colaboración do persoal en actividades de proxección exterior e promoción da USC.
2. Difundir as actividades da Universidade cara á sociedade, empregando diversas canles de comunicación e aproveitando o potencial das novas tecnoloxías da información e comunicación.
3. Aproveitar o activo dos egresados e das egresadas e das asociacións de antigos alumnos para difundir os valores e as actividades da USC.

<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-05. Organización de actividades destinadas aos líderes de opinión.</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Baixa demanda da titulación de Grao en Filosofía, non acadando o número mínimo de alumnos/as de novo ingreso requirido pola Xunta de Galicia.
<b>Responsable da súa aplicación</b>	- Equipo Decanal da Facultade de Filosofía. - Xunta de Facultade
<b>Obxectivos específicos</b>	Elaborar unha axenda de actividades destinadas aos grupos de interese con capacidade de influencia na opinión dos futuros estudantes (estudantes egresados, profesores dos centro, orientadores nos centros de ensino medio e persoas de relevancia pública) que permita realizar dúas actividades mensuais no centro para que este público obxectivo teña un contacto constante co centro.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	A organización de actividades no centro destinadas aos grupos de interese con capacidade de influencia na toma de decisión é un elemento que xa ben usado pola Universidade de Santiago en titulacións como xornalismo ou comunicación audiovisual.  Estes encontros, a modo de reunións informais, cursos de formación específica, conferencias de alto interese, .... son un xeito claro de explicarlle á sociedade as actividades de interese que se fan no centro.  Unha parte destas actividades consistirán en conferencias impartidas por egresadas/os da nosa facultade que a día de hoxe se atopan traballando en distintos ámbitos, que indicarán como os estudos en filosofía foran de utilidade para elas e eles.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	- Número de participantes de distintos sectores. - Número de reunións/actividades organizadas. - Datos de matrícula.
<b>Observacións</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta acción de mellora incluírase no plan de melloras da titulación.</li> <li>- A acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Actividade Universitaria” está estreitamente ligada á liña estratéxica “Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade”. Esta liña establece catro obxectivos e actuacións entre os que figura “Mellorar o coñecemento da oferta formativa da USC por parte da sociedade”.</li> </ul>	

A competencia entre as universidades na captación do alumnado fai necesario que a oferta de titulacións da USC, ademais de ser de calidade, sexa difundida de xeito eficaz. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico estableceu as actuacións seguintes:

1. Definir un plan de difusión de integral da oferta formativa da USC.
2. Diseñar estratexias de promoción das titulacións, poñendo en valor a especialización delas.

Por outra parte, esta acción de mellora tamén está asociada dentro do ámbito “Relación co contorno”, coa liña estratéxica denominada “O compromiso e a implicación coa sociedade”. Trátase de acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural para o que se abordarán, entre outras, distintas liñas de actuación:

1. Fomentar a colaboración do persoal en actividades de proxección exterior e promoción da USC.
2. Difundir as actividades da Universidade cara á sociedade, empregando diversas canles de comunicación e aproveitando o potencial das novas tecnoloxías da información e comunicación.
3. Aproveitar o activo dos egresados e das egresadas e das asociacións de antigos alumnos para difundir os valores e as actividades da USC.

<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-06. Análise das taxas de rendemento e graduación</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Baixas taxas de graduación e rendemento, influindo esta última na primeira
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Comisión de calidade
<b>Obxectivos específicos</b>	Detectar as posibles razóns que xustifiquen as actuais taxas de rendemento, graduación e de abandono co fin de poder poñer en marcha medidas correctoras.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Realizar unha análise sobre as taxas de rendemento, que indirectamente teñen un impacto nas taxas de graduación e de abandono, detectando os casos nos que haxa variacións significativas en semestres e materias, se ben os valores acadados actualmente nestas taxas están próximos ou por debaixo do que figura na memoria de verificación do título.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	Taxa de rendemento, taxa de graduación
<b>Observacións</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta acción de mellora incluírase no plan de melloras da titulación.</li> <li>- A acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Actividade Universitaria” está estreitamente ligada á liña estratéxica “Procura da excelencia na docencia”. Esta liña establece tres obxectivos e actuacións entre os que figura “Valorar e recoñecer a calidade da actividade docente do profesorado”.</li> </ul> <p>A análise dos resultados a nivel individual e institucional é fundamental para a Universidade, así como a comunicación dos resultados á comunidade universitaria que proporciona a retroalimentación necesaria para reaxustar as estratexias a seguir. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico establece a seguinte actuación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Realizar unha análise continua dos resultados da aplicación dos indicadores de calidade da docencia e darlle difusión entre a comunidade universitaria.</li> </ol>	



<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-07. Introducción de calendarios de avaliación</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Baixas taxas de graduación e rendemento, influindo esta última na primeira
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Comisión de Grao Coordinadores/as de curso
<b>Obxectivos específicos</b>	Aumentar as actuais taxas de rendemento.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Realizar nas reunións de coordinación de curso calendarios para cada semestre e curso nos que se coordinen as tarefas de avaliación para as materias impartidas en cada semestre de xeito que estas se vaian facendo de xeito regular, sen cargas avaliativas en intres concretos e harmonizando os requirimentos que distintas materias fagan ao alumnado en función dos créditos que teñan, de maneira que non haxa variacións de peso entre as esixencias en termos de carga de traballo entre materias co mesmo número de créditos.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	Taxa de rendemento, taxa de graduación
<b>Observacións</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta acción de mellora inclúrase no plan de melloras da titulación.</li> <li>- A acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Actividade Universitaria” está estreitamente ligada á liña estratéxica “Procura da excelencia na docencia”. Esta liña establece tres obxectivos e actuacións entre os que figuran “Xeneralizar o uso do novo modelo de ensino-aprendizaxe derivado da adaptación ao EEES” e “Valorar e recoñecer a calidade da actividade docente do profesorado”.</li> </ul> <p>A análise dos resultados a nivel individual e institucional é fundamental para a Universidade, así como a comunicación dos resultados á comunidade universitaria que proporciona a retroalimentación necesaria para reaxustar as estratexias a seguir. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico establece as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver no alumnado as habilidades necesarias para o aproveitamento das novas metodoloxías de ensino-aprendizaxe co obxectivo de acadar un maior rendemento académico.</li> <li>- Realizar unha análise continua dos resultados da aplicación dos indicadores de calidade da docencia e darlle difusión entre a comunidade universitaria.</li> </ul>	

<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-o8. Grupos de discusión con egresados/as</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Insuficiente información sobre a situación laboral dos egresados/as no GF
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Equipo decanal
<b>Obxectivos específicos</b>	Dispor de información sobre a situación laboral das egresadas/os, e da súa visión sobre a utilidade de contidos e competencias para o desempeño laboral co obxectivo de utilizala no plan de renovación da titulación.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Recadar información sobre a traxectoria e situación laboral dos egresados mediante grupos de discusión, incidindo na utilidade dos contidos aprendidos e das competencias adquiridas para o desempeño laboral.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	Transcripción dos datos relevantes das gravacións das discusións.
<b>Observacións</b>	
<p>- Esta acción de mellora incluírase no plan de melloras da titulación.</p> <p>- A acción está aliñada co Plan Estratégico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Persoas” está estreitamente ligada á liña estratéxica “O estudantado: valor presente e futuro”. Esta liña establece catro obxectivos e actuacións entre os que figuran “Mellorar a empregabilidade dos egresados e profesionais formados na Universidade”.</p> <p>Nun contorno socioeconómico que dificulta a inserción laboral as universidades deben ir un paso máis alá e traballar non só na formación teórica e técnica do seu alumnado, senón proporcionarlle habilidades e competencias destinadas a facilitar o emprego e a promover o desenvolvemento de iniciativas empresariais. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico establece, entre outras, as seguintes actuacións:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Procurar que o currículo formativo das novas titulacións introduza as competencias e habilidades requiridas pola contorna socioeconómica.</li> <li>2. Incluír nos plans de estudos competencias transversais que garantan a integración e desenvolvemento sostible nas actividades profesionais relacionadas cos distintos ámbitos de coñecemento.</li> </ol> <p>Por outra parte, esta acción de mellora tamén está asociada dentro do ámbito “Relación co contorno”, coa liña estratéxica denominada “O compromiso e a implicación coa sociedade”. Trátase de acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural para o que se abordarán, entre outras, distintas liñas de actuación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar a colaboración do persoal en actividades de proxección exterior e promoción da USC.</li> </ol>	

2. Difundir as actividades da Universidade cara á sociedade, empregando diversas canles de comunicación e aproveitando o potencial das novas tecnoloxías da información e comunicación.
3. Aproveitar o activo dos egresados e das egresadas e das asociacións de antigos alumnos para difundir os valores e as actividades da USC.

<b>Denominación da proposta</b>	<b>AM-09. Creación dun censo de egresados/as</b>
<b>Punto feble detectado</b>	Insuficiente información sobre a situación laboral dos egresados/as no GF
<b>Responsable da súa aplicación</b>	Equipo decanal
<b>Obxectivos específicos</b>	Dispor de información sobre a situación laboral das egresadas/os.
<b>Actuacións a desenvolver</b>	Recadar información sobre a traxectoria e situación laboral dos egresados mediante grupos de discusión, incidindo na utilidade dos contidos aprendidos e das competencias adquiridas para o desempeño laboral.
<b>Período de execución</b>	Curso 2015-2016. Curso 2016-2017. Curso 2017-2018.
<b>Indicadores de execución</b>	Creación do censo
<p><b>Observacións</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Esta acción de mellora incluírase no plan de melloras da titulación.</li> <li>- A acción está aliñada co Plan Estratéxico da USC 2011-2020, concretamente, dentro do ámbito “Persoas” está estreitamente ligada á liña estratéxica “O estudantado: valor presente e futuro”. Esta liña establece catro obxectivos e actuacións entre os que figuran “Mellorar a empregabilidade dos egresados e profesionais formados na Universidade”.</li> </ul> <p>Nun contorno socioeconómico que dificulta a inserción laboral as universidades debe ir un paso máis alá e traballar non só na formación teórica e técnica do seu estudantado, senón proporcionarlle habilidades e competencias destinadas a facilitar o emprego e a promover o desenvolvemento de iniciativas empresariais. Para cumprir este obxectivo, o Plan estratéxico establece, entre outras, as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Procurar que o currículo formativo das novas titulacións introduza as competencias e habilidades requiridas pola contorna socioeconómica.</li> <li>- Incluír nos plans de estudos competencias transversais que garantan a integración e desenvolvemento sostible nas actividades profesionais relacionadas cos distintos ámbitos de coñecemento.</li> </ul> <p>Por outra parte, esta acción de mellora tamén está asociada dentro do ámbito “Relación co contorno”, coa liña estratéxica denominada “O compromiso e a implicación coa sociedade”. Trátase de acadar o recoñecemento por parte da sociedade da contribución da Universidade á creación de valor económico, social e cultural para o que se abordarán, entre outras, distintas liñas de actuación:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar a colaboración do persoal en actividades de proxección exterior e promoción da USC.</li> </ol>	

2. Difundir as actividades da Universidade cara á sociedade, empregando diversas canles de comunicación e aproveitando o potencial das novas tecnoloxías da información e comunicación.
3. Aproveitar o activo dos egresados e das egresadas e das asociacións de antigos alumnos para difundir os valores e as actividades da USC.

### Liñas xerais do plan de renovación do Grao en Filosofía

Indícanse a continuación as algunhas liñas xerais de actuación para o plan de renovación do Grao en Filosofía, cun calendario orientativo. Estas liñas non determinan polo miúdo como vai ser o proceso, mais si que dan unha perspectiva xeral sobre como terá lugar este

1. Motivación: como se comentou en varias reunións, incidir na necesidade de adaptar os estudos do Grao en Filosofía á nova realidade laboral dos titulados, non necesariamente ligada ao ensino medio.
2. Obxectivos: O GF reformado debe sobresaír con respecto ao actual en distintas dimensións. En concreto, debe:
  - a. Mellorar a capacitación que o estudo das técnicas de traballo en filosofía dan para o traballo profesional, en concreto no que toca á racionalidade práctica, o exame argumentativo e a análise de discurso.
  - b. Impartir contidos centrados mais nos problemas da filosofía que na historiografía desta, e mais prominentemente ligados a problemas actuais.
  - c. Mellorar significativamente as competencias obtidas polo estudiantado distintas do aprendizaxe de contidos (comprensión, análise e exposición oral e escrita).
  - d. Capacitar mais axeitadamente para o traballo de investigación aportando competencias que sirvan para a investigación en filosofía, obviamente, mais tamén noutras disciplinas.
3. Liñas xerais de actuación:
  - a. Revisión dos títulos de Grao en Filosofía que actualmente se imparten en España, mais, sobre todo, a nivel internacional en nas facultades mais prestixiosas, para analizar as modificacións a realizar nos contidos do GF actual. .
  - b. Revisión dos *syllabi* e modelos de docencia e avaliación aplicados nas facultades de maior recoñecemento.
  - c. Exame do xeito de aplicar os modelos de éxito noutras universidades ao noso GF.
  - d. Discusión sobre o modelo de incardinación e coordinación entre as diferentes materias.
  - e. Conformación do Plano de Estudos en función do modelo que finalmente se impoña no noso sistema universitario (4+1 ou 3+2).

Calendario orientativo para a renovación:

1. Setembro 2015: constitución da Comisión para a revisión do Grao.
2. Febreiro 2016: presentación dos resultados da Comisión á Xunta de Facultade e comezo da discusión sobre as liñas mestras nos contidos a incorporar no GF
3. Maio 2016: remate da formación do profesorado no uso de plataformas online, requirido para o paso á semipresencialidade.
4. Xuño 2016: acordo final da Xunta de Facultade sobre as liñas mestras a incorporar no GF.
5. Setembro-Decembro 2016: avaliación por parte da ACSUG do GF.
6. Decembro 2016: anotación das medidas a incorporar en función da avaliación do GF e incorporación destas nas liñas mestras.

7. Febreiro 2017: comezo do traballo no deseño do novo Plano de Estudos para o GF pola Comisión de Grao da Facultade, dependente da clarificación acerca de se o modelo a adoptar continuará a ser o 4+1 ou se ten que dar o cambio ao modelo 3+2.
8. Maio 2017: remate da formación complementaria en TICs ao uso das plataformas online (softwares para a transmisión de información) para o paso á semipresencialidade.
9. Setembro 2017: presentación do primeiro borrador do Plano de Estudos para o GF na Xunta de Facultade.
10. Febreiro 2018: aprobación do primeiro borrador do Plano de Estudos para o GF.

### Anexo. Indicadores do Grao en Filosofía

Achéganse neste anexo os valores dos principais indicadores do Grao en Filosofía facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, de acordo ao establecido no Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Filosofía. Non se inclúen os indicadores IN19G-PC-09 ata IN22G-PC-09 xa que corresponden á realización de prácticas externas, modalidade non ofertada no Grao en Filosofía.

Código	Nome	2009-10	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	-	-	65,00	65,00	65,00
IN02G-PC-05	Matrícula	45,00	121,00	171,00	185,00	179,00
IN03G-PC-05	Matrícula de novo ingreso	45,00	87,00	77,00	64,00	43,00
IN04G-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	42,00	84,00	71,00	58,00	39,00
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	-	100,00	-15,48	-18,31	-32,76
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	-	-	7,09	6,94	7,24
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	45,00	59,26	64,29	67,24	71,79
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,00	1,65	1,75	2,70	1,68
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	0,00	2,48	1,17	1,08	1,68
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	-	-	53,85	69,23	52,31
IN12G-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	-	-	109,23	89,23	60,00
IN15G-PC-08	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	-	-	-	-	0,00
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0,00	0,00	1,75	1,62	3,91
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	22,22	3,31	11,11	8,65	6,15
IN23G-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	-	-	-	-	3,20
IN24G-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	80,00	70,59	66,67	68,42	60,00
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	100,00	88,24	88,89	94,74	90,00
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	100,00	94,12	88,89	89,47	80,00
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	4,50	7,12	10,06	9,74	8,95
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	43,20	59,85	52,06	39,96	37,11



IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	-	-	45,21	33,07	26,63
IN33G-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	-	-	-	-	2,94
IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	58,56	61,24	53,41	63,44	68,60
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	82,68	81,63	75,71	81,94	85,81
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación	70,83	75,02	70,55	77,43	79,94
IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación	-	-	-	-	21,95
IN38G-S01-PM-01	Duración media dos estudos	-	-	-	4,00	4,33
IN39G-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	-	-	-	95,90	93,36
IN40G-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	-	0,00	0,00	25,32	32,35
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	-	-	-	-	41,46
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	-	-	-	-	3,00
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	-	-	3,54	3,47	3,64
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	-	-	0,00	0,00	4,09
IN48G-PM-02	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	-	-	25,63	26,42	28,57

Datos comparativos do Grao en Filosofía pola USC con outros títulos similares en universidades públicas con docencia presencial para o curso 2013-2014.

Universidade	Título	Matriculados	Novo ingreso	Nota media	Egresados	Rendemento	Éxito	Avaliación	Graduación
Autónoma de Barcelona	Graduado o Graduada en Filosofía	206	63	7,55	41	85,7%	94,7%	90,4%	47,0%
Autónoma de Madrid	Graduado o Graduada en Filosofía por la Universidad Autónoma de Madrid	187	64		24				
Barcelona	Graduado o Graduada en Filosofía	626	231	7,09	38	69,7%	85,9%	81,0%	
Complutense de Madrid	Graduado o Graduada en Filosofía	482	138	7,09	41	72,9%	88,3%	82,6%	
Girona	Graduado o Graduada en Filosofía	84	19	6,95	9	80,6%	88,1%	91,5%	
Granada	Graduado o Graduada en Filosofía	197	75	7,43	14	67,7%	84,5%	80,2%	
La Laguna	Graduado o Graduada en Filosofía	124	34	6,85	8	68,3%	95,1%	71,9%	31,0%
Málaga	Graduado o Graduada en Filosofía por la Universidad de Málaga	171	68	6,85	6	72,2%	90,4%	79,9%	
Murcia	Graduado o Graduada en Filosofía	240	68	7,05	26	64,5%	85,3%	75,7%	32,1%
Oviedo	Graduado o Graduada en Filosofía	124	44	6,81	17	75,3%	92,1%	81,7%	
País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea	Graduado o Graduada en Filosofía	191	66	7,40	20	77,2%	95,4%	81,0%	
Salamanca	Graduado o Graduada en Filosofía por la Universidad de Salamanca	160	54	7,57	13	79,6%	90,4%	88,1%	

<b>Santiago Compostela</b>	<b>de</b>	<b>Graduado o Graduada en Filosofía por la Universidad de Santiago de Compostela</b>	180	44	7,37	16	69,7%	84,9%	82,1%	23,1%
<b>Sevilla</b>		<b>Graduado o Graduada en Filosofía</b>	288	93	6,46	21	71,9%	87,8%	81,9%	26,2%
<b>València General)</b>	<b>(Estudi</b>	<b>Graduado o Graduada en Filosofía por la Universitat de València (Estudi General)</b>	408	119	7,56	29	74,9%	89,0%	84,2%	
<b>Valladolid</b>		<b>Graduado o Graduada en Filosofía</b>	76	15	6,64	8	82,4%	96,6%	85,3%	
<b>Zaragoza</b>		<b>Graduado o Graduada en Filosofía por la Universidad de Zaragoza</b>	170	60	7,07	18	71,0%	88,1%	80,6%	30,0%

**Glosario de abreviaturas (ordenado alfabeticamente)**

ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

CCC: Comisión de Calidade do Centro

FP: Formación Profesional

GF: Grao en Filosofía

M25: Acceso á universidade para maiores de 25 anos

M40: Acceso á universidade para maiores de 40 anos

M45: Acceso á universidade para maiores de 45 anos

MVT: Memoria de Verificación do Título

ONG: Organizacións Non Governamentais

PAU: Probas de Acceso á Universidade

PDI: Persoal Docente e Investigador

PE: Plan Estratéxico

RCC: Responsable de Calidade do Centro

SGIC: Sistema de Garantía Interna da Calidade

SIIU: Sistema Integrado de Información Universitaria

TIC: Tecnoloxías da Información e a Comunicación

UNED: Universidade Nacional de Educación a Distancia

USC: Universidade de Santiago de Compostela